




# cerna

revista galega de ecoloxía e medio ambiente

Outono 2004 • Número 42 • 3 €

defender os ríos • eléctricas • prestige • incendios • tóxicos  
celulosas • impostos ambientais • residuos



## Letanía Insustentábel \*

Montes pelados e parques eólicos  
- non é tan fácil ser verde  
Encoros, presás e hidroeléctricas  
- non é tan fácil ser verde  
Celulosas, alúminas e altos fornos  
- non é tan fácil ser verde  
Lixo nas praias e nas riveiras  
- non é tan fácil ser verde  
Carburos, plásticos e acetilenos  
- non é tan fácil ser verde  
Chapapote nas rochas e nas cabezas  
- non é tan fácil ser verde  
Vacas tolas e tomates transxénicos  
- non é tan fácil ser verde  
Pulplos mutantes e mareas negras  
- non é tan fácil ser verde  
Vertidos nos ríos e nas lagoas  
- non é tan fácil ser verde  
Muros de formigón nas fervenzas  
- non é tan fácil ser verde  
Tendidos eléctricos radioactivos  
- non é tan fácil ser verde  
Autowías, depósitos e papeleiras  
- non é tan fácil ser verde  
pesticidas, dioxinas e furanos  
- non é tan fácil ser verde  
chuvia ácida e polución aérea  
- non é tan fácil ser verde  
metais pesados e políticos orgánicos  
- non é tan fácil ser verde  
chove en Santiago e fede en Pontevedra  
- non é tan fácil ser verde

Pena Trevinca e Montederramo  
- non é tan fácil ser verde  
Brens e Xove e Cortegada  
- non é tan fácil ser verde  
O Río Miño e a Costa da Morte  
- non é tan fácil ser verde  
Marín, As Pontes e Cerceda  
- non é tan fácil ser verde  
O Lérez, O Ulla e o Tambre  
- non é tan fácil ser verde  
As Gándaras, Sálvora e as Illas Cíes  
- non é tan fácil ser verde  
Cotos privados da nosa aristocracia  
- non é tan fácil ser verde  
O Conde de Ence e a Marquesa de Fenosa  
- non é tan fácil ser verde  
O Duque de Tragsa e o Vizconde de Sogama  
- non é tan fácil ser verde

Morre o carballo e medra o eucalipto  
- non é tan fácil ser verde  
e o bosque autóctono chámase Fraga  
- non é tan fácil ser verde  
extinguese a raposa e proliferan os Koalas  
- non é tan fácil ser verde  
nin Galicia, nin Galiza, o país chámase Australia  
- non é tan fácil ser verde

## Queixumes dos eucaliptos\* NACIÓN DE FRAGHELAND

que din os eucaliptos  
na costa fluorescente  
ao raio incandescente  
do incendio forestal?

que din os altos fornos  
de impuro aroma alzado  
co seu mal regulado  
monótono afumar?

do teu fedor cinxido  
e de malignos fastos,  
políticos nefastos,  
e asfaltado chan,



non escatimes o cemento,  
construe outro puto encoro,  
fomenta os vertedoiros,  
fogar de Fragheland.

os barcos dos mafiosos  
a nosa costa infectan  
por man da incompetencia  
é o noso mar marrón

mais só os carburantes  
e fétidos sulfuros  
toxinas e cloruros  
non nos infectan non

os ceos contaminados  
coa burla da verdade  
tamén son necidades  
do seu cumprido plan

pois, onde quer, mandante  
a súa voz pregoa  
a poluzón da boa  
nazón de Fragheland



PLATAFORMA CONTRA

# BURLA NEGRA

\*Da autoría e escenificación do colectivo Burla Negra, o himno da nación de Fragheland, Queixumes dos Eucaliptos, e a Letanía Insustentábel acompañaron os pasos do Fraga Mutante no día Internacional do Medio Ambiente en Compostela ([www.burlanegra.vieiros.com](http://www.burlanegra.vieiros.com)).

## ACTUALIDADE

CEMENTEIRA EN NARÓN, BRAÑAS DE SADA, ENCORO DE NARLA, QUADS, NUNCA MÁIS, LOBO, SALMÓN, LIBROS

## RESIDUOS

### RESIDUOS DA CONSTRUCIÓN E DA DEMOLICIÓN

Manuel Soto

## RÍOS

### SALMÓN

Martiño Nercellas e Xabier Vázquez

### DEFENDER OS RÍOS

Ramón Muñiz

### TRAMBOLOS RÍOS

Xosé Ramón Reigada

## ENERXÍA

### BALANZO ELÉCTRICO NA GALIZA


Celestino Quintela

## PRESTIGE

### ENTREVISTA A PURIFICACIÓN MORANDEIRA, COMISIONADA PARA O PRESTIGE

4

### POSTER CENTRAL 26-27



### PRESTIGE VINTE MESES DESPOIS

Martiño Nercellas

28



### RECUPERAR A LAGOA DE LOURO

Amanda del Río e Vanesa Sánchez

30



## CONTAMINACIÓN

### NOVO PULSO XUDICIAL EN PONTEVEDRA

Antón Masa

32

## IMPOSTOS AMBIENTAIS

Maria Xosé Vázquez

34

## INCENDIOS

### GALIZA ARDE

Xosé Veiras

37



### ECOLOXÍA NO COTIÁN

### TÓXICOS NO FOGAR

Ramsés Pérez e Virginia Rodríguez

40

## REFLEXIÓN

### A CULTURA COMO FICCIÓN POLÍTICA

Carlos Santiago

43

## A NATUREZA NA LITERATURA

### A VOZ DOLORIDA E TRANSCENDENTE DE

### GÓMEZ ALFARO (II)

Emilio Xosé Insua

45

49

## POR UNHA GALIZA SUSTENTÁBEL

Perante 1.000 persoas participaron o 6 de xuño nunha manifestación en Compostela baixo o lema "Por unha Galiza sustentábel", convocada por diversas organizacións ecoloxistas, veciñais, sindicais e políticas progresistas. Nela déronse cita loitas ambientalistas como as que manteñen diversos colectivos contra a construcción de minicentrais nos nosos ríos, contra o complexo industrial ENCE-ELNOSA, ou doutros que, como os veciños de Noia, se oponen á construcción de novas infraestruturas viarias. Destacou a presencia do colectivo Burla Negra coa súa orixinal "fragelación" con polas de eucalipto. O manifesto foi lido pola cantora Uxía e incluiu unha lembranza dos mariñeiros do pesqueiro naufragado Bahía, que tiñan participado na loita contra o chapapote do Prestige.

Unha das principais demandas da manifestación foi a dunha Estratexia de Desenvolvemento Sustentábel para Galiza. A Consellería de Medio Ambiente, após o anuncio da manifestación, declarou que está a ultimar o seu borrador e que a quere consensuar. O debate debería ser amplio e profundo, para que esta Estratexia non se corvira nun documento máis para adonar estantes, como ten acontecido coa Estratexia de Educación Ambiental e coa de Conservación da Biodiversidade.

A aplicación dunha Estratexia que verdadeiramente promova o desenvolvemento sustentábel deberá traducirse en feitos concretos como, por exemplo, o reforzamento adecuado da seguridade marítima, a defensa dos nosos ríos fronte á construcción de encoros, a ampliación e a protección real e efectiva dos espazos naturais propostos para a Rede Natura 2000, a promoción da reciclaxe e da compostaxe dos residuos en lugar da súa incineración, a prevención dos lumes forestais, o fortalecemento do transporte público ou a potenciación da agricultura ecolólica.

Só a unidade e firmeza das entidades asinantes do manifesto "Por unha Galiza sustentábel" fará posibel que esta promesa non se converta nunha carta máis aos reis magos.

### CONSELLO DE REDACCIÓN:

Silvia Amor, Xan Duro, Emilio Insua, Miguel Lima, Daniel López Vispo, Xesús Pereiras, Ramsés Pérez, Pepe Salvadores, Alberte Sánchez, Manuel Soto, Lois Toirán, Xabier Vázquez, Xosé Veiras.

EDITA: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolólica de Galiza). Outono - 2004

Nos artigos asinados, respeítase a normativa lingüística do texto orixinal. CERNA non se fai copartícipe, necesariamente, das ideas, opiniós e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, exceptuando as fotografías, para as que será necesario contar co permiso dos autores. CERNA editase en papel reciclado 100 %, para preservar os bosques e contribuir á reciclaxe do lixo. As capas son de papel libre de cloro.

DESEÑO, FOTOGRAFÍA E  
MAQUETACIÓN  
Alberte Sánchez

PUBLICIDADE E ADMINISTRACIÓN  
Silvia Amor

FOTOGRAFÍA DA CAPA E CONTRACAPA  
Alberte Sánchez

IMPRESIÓN  
Grafínova, S. A.  
D.L.: C-913/1986 • ISSN: 1136-2677

**CERNA**

Telf. e fax: 981 570 099  
Pazo Camilo Díaz Volino 15, 2º A  
15704 Santiago de Compostela  
Correo electrónico: cerne@adegapgaliza.org  
Web: www.adegagaliza.org

DIRECCIÓN E COORDENACIÓN  
Manuel Soto

# ADEGA-COMPOSTELA EDUCACIÓN AMBIENTAL, REIVINDICACIÓN, PARTICIPACIÓN, DENUNCIA...

Un grupo de soci@s de ADEGA-Compostela, montad@s en bicicletas, abriu este ano a manifestación do Día Mundial do Ambiente (5 de Xuño), celebrada Domingo 6 de Xuño en Santiago co lema Por unha Galiza Sustentábel. Membros da delegación xa colocaran tamén, días antes, mesas informativas na rúa e, o mesmo día da mobilización, desenvolveron, xunto co Obradoiro Ambiental Oureol, actividades de educación ambiental na Alameda.

Mais un ano, ADEGA-Compostela participou na Escola de Verán organizada polo Concello de Santiago e, de novo, cun programa de educación ambiental no Colexio da Colexiata de Sar. Nesta ocasión, o tema escollido foi o da auga e arredor del organízaronse obradoiros, xogos, roteiros... e unha actividade relacionada co Proxecto Ríos, iniciativa que se apresenta neste mesmo número de Cerna.

A Delegación de Compostela apoiou a concentración convocada polo Movimento polos Dereitos Civís frente á Casa do Concello de Santiago denunciando os excesos cometidos por parte da Policía Local. Tamén denunciou un posibel verquido de augas residuais ao regato que,

canalizado, atravesa o Parque de Belvís. E continua cos traballos de recuperación ambiental do contorno da antiga mina de Aríns.

A isto, debemos engadir a participación no acto de protesta convocado por Burla Negra, dentro da campaña Alerta Laranxa!, no que se despregou unha faixa desde a fachada de Pratarías da Catedral de Santiago co lema Galiza

Arde: Goberno Galego Culpábel!, ao tempo que na praza se repartían bolsitas de terra queimada empaquetadas como Xachoqueimo 2004.

Por último, ADEGA-Compostela participou nunha nova reunión do Plano Estratégico de Santiago de Compostela e, tras mais dun ano de parálise, no Consello Municipal de Meio Ambiente de Santiago, no que se retomou a A21L.



## ADEGA-TRASANCOS GOLF, CONCENTRACIÓN PARCELARIA, CEMENTEIRA, PLANTA DE GAS... E TAMÉN PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ADEGA-Trasancos levou a cabo diversas actuacións nos últimos meses, algunas delas en colaboración coa Sociedade Galega de Historia Natural de Ferrol. Ademais da participación en todos os Foros da Axenda 21 Local do concello de Ferrol e diversas entrevistas con responsábeis das administracións públicas, de participar na campaña contra a instalación dunha segunda cementeira no concello de Narón (da que se informa detalladamente no artigo da páxina 5) e nas manifestacións contra a Planta de gas, ou a participación coa venda de material (camisolas, chapeus, etc..) de novo deseño aos festivais Río Castro (San Sadurniño) e da Terra e da Lingua (Narón), leváronse a cabo outras

actuacións, das que destacamos as seguintes:

-Campaña contra a construcción dun campo de golf no Monte San Xurxo (Ferrol), no Lugar de Importancia Comunitaria (Lugar de Interese Comunitario) Costa Ártabra, proposto para a Rede Natura 2000. Consegiuse que os seus promotores desistiran deste emprazamento.

-Alegacións, ante Augas de Galicia, á proposta de Autorización das obras da concentración parcelaria de Covas, Esmelle, Marmancón e Mandiá (Ferrol), hoxe paralizadas, e que afectaron ao humidal d'As Cabazas (Covas), anexo ao LIC Costa Ártabra, e ás zonas costeiras

de Santa Comba e Ponzos, as cales forman parte do citado LIC.

-Solicitudade da incorporación do humidal d'As Cabazas ao LIC Costa Ártabra diante da Consellería de Medio Ambiente.

-Organización dunha charla para a obxección fiscal aos gastos militares no Ateneo Ferrolán.

-Balizamento de matos de camariñas, de *Iberis procumbens* e *Omphalodes littoralis* no monte comunal d'As Cabazas (Covas), previo á tala e repoboación de piñeiros que se está a realizar neste anterior sistema dunar, e tras advertir aos axentes implicados e as autoridades ambientais da existencia destas especies vexetais.

# ENCORO DE NARLA, ADEGA ESPERA UN CAMBIO NO MINISTERIO DE MEDIOAMBIENTE



Estamos afeitos na Galiza a ver que case que calquera proxecto, sobre todo se é de tipo enerxético, pode saír adiante. De nada valen razoamentos da índole que sexan ante os beneficios privados. O dramático da situación é que as distintas institucións que deberían velar polo ben público sexan as que, en moitas ocasións, fomenten este tipo de proxectos.

A deputación de Lugo (Exclma) e a empresa Aguas de la Cuenca del Norte (da Confederación Hidrográfica, Exclma tamén) cren necesario a construción dun encoro no río Narla que vén de Friol e chega ao Miño moi preto de Lugo:

- Din que a calidad de auga do Miño (de onde colle auga Lugo) é peor que a do Narla (aínda que as analíticas digan que son semellantes).

- Din que Lugo necesita unha reserva de auga en caso de seca (onde andará o Narla cando o Miño baxe seco...?)

- Din que se está a bombar o caudal ecolóxico do Miño (450 l/s dun caudal medio de 7000 l/s; quen nos dera noutras ríos...!)

- Din, en fin, demagoxicamente, que a auga lles vai saír máis barata aos concellos de Rábade, Outeiro de Rei e Lugo.

Nada importa que a zona estea proposta para incluír na Rede Natura 2000,

pouco importa que no estudo de impacto ambiental nin tan sequera traía analíticas da calidade da auga dos ríos e menos importa que se segue deixando o verdadeiro problema de fondo, o Saneamento Integral do Río Miño, mil veces anunciado e mil veces esquecido.

O encoro contaría cumha presa de 38 m de altura e 420 m de coroación, tería unha capacidade de 9,5 Hm<sup>3</sup>, unha depuradora de auga potábel ao pé da presa e máis unha central hidroeléctrica de 2,45 Mw de potencia. Precisaría tamén unha conducción de 8.950 m ate os depósitos de Lugo.

O seu coste sería en total de 33 millóns e medio de euros ou, se se prefire, 5 mil millóns e medio de pts, uns millóns arriba ou abaixo. Os "beneficiados": os concellos de Rábade, Outeiro de Rei e Lugo... ou os beneficios da propia obra e do negocio eléctrico, ou futuras ampliacións de todas as urbanizacións que impudicamente medran no concello de Outeiro de Rei, xa que en Lugo iso está algo máis controlado.

A través de diferentes actividades informativas (roteiro, participación nos

medios de comunicación, edición de cartaces...) e numerosas reunións, ADEGA-Lugo encargouse de facer ver as irracionais do proxecto ás asociacións de veciños, sindicatos, partidos políticos e goberno do concello de Lugo. Mesmo tivo voz nun pleno no concello para apoiar a moción presentada coa mediación do BNG para o pronunciamento dos distintos grupos.

Na realidade xa todo o mundo estaba pronunciado exceptuando o PSOE que quería "falar, dialogar e informarse". Logo de rexeitar distintas mocións sobre o tema, por fin decidiu oposo ao encoro nunha moción presentada por eles mesmos (supoñemos que unha vez "falado, dialogado e informado", ainda que non sabemos onde ou con quen).

Os cartos que se ían adicar a esta obra poderán ser destinados, se se ten en conta a petición do concello de Lugo e de ADEGA, ao saneamento integral do Miño e á mellora da estación potabilizadora de Lugo. Nestes momentos falta a decisión da Confederación Hidrográfica do Norte, que é quen ten a derradeira palabra. Notarase un cambio de talante no Ministerio de MA?



Inmediacións do río Narla, no que se pretende construir o encoro.

## ADEGA-CORUÑA

### ASEMBLEA ANUAL E PREMIOS LUSCO E FUSCO

O venres 25 de xuño de 2004 tivo lugar a asemblea anual da delegación local de ADEGA-Coruña. Pasouse balanzo ás actuación do pasado curso, no que figura o cambio de local, o que posibilitou a oferta de consulta de documentación e outras iniciativas, e diversas actuacións en relación coa Axenda 21, incluindo unha charla informativa na Asamblea da Federación de Asociacións de Veciños de A Coruña, a participación na Plataforma contra a suba do bus urbano, a organización do I Concurso de debuxo de reporteiros/as ecoloxistas/as, a presentación ao Concello dunha Proposta de Campaña de apoio á recollida selectiva e á compostaxe, ademáis de diversas alegacións e intervencións nos medios de comunicación. Asimesmo, ADEGA-Coruña segue formando parte de Nunca Máis, atendeu diversas consultas de temática ambiental, e conta cun espazo propio na web [www.adegagaliza.org/corunha](http://www.adegagaliza.org/corunha).


A Asemblea renovou a Directiva existente, e entre as propostas de actividades contempláronse a organización dun Curso de Interpretación Ambiental de Cambre, a participación no Proxecto do Distrito 21, continuar coas excursións e roteiros, traballar no impulso á

Axenda 21 Local e a creación do Consello Local de Medio Ambiente como mecanismo de participación ciudadán no Concello coruñés, presentar ao Concello de Oleiros un proxecto para a potenciación do autocompostaxe, e levar a cabo conferencias sobre asuntos ambientais.

Tras a asemblea foron entregados os premios Lusco e Fusco á mellor e peor actuación ambiental do ano na comarca. Todo o evento contou coa colaboración da radio Coruña-Cadena Ser, que difundiu o acontecemento, e a presencia do xornal La Opinión na entrega de premios. O acto rematou cunha cea de fraternidade.

O premio Lusco foi otorgado ao presidente da Federación de Asociacións de Veciños da Coruña, pola sua preocupación e interese polos problemas ambientais da cidade.

O premio Fusco deste ano concedeu-se ao Exército de liberación animal, polas reiteradas ocasións nas que levan a cabo actividades ou accións totalmente lamentabeis, como a solta de visóns nunha granxa de Carral. Milleiros destes animais rematan morrendo ou creando unha alteración do ecosistema para outras especies autóctonas.



### PACTO CÍVICO 21

En marcha desde hai meses na cidade da Coruña, o proxecto piloto do concello "Pacto Cívico 21" pretende ser un primeiro paso cara a participación cidadá e o desenvolvemento sustentábel.

**Un tesouro agochado que convé  
Xornadas para a recuperación  
das Brañas de**

**Conferencias e mesas redondas**

Sada, 5 e 6 de Novembro. Tfns. contacto 881 91 50 46, 981 57 00 99. [corunha@adega.org](mailto:corunha@adega.org)

**Organiza:** ADEGA - Asociación para a Defensa Ecológica de Galiza

**Apoian:** AEG - Hábitat - Grupo Naturalista

Este proxecto, enmarcado dentro da Axenda 21 Local que tantos anos tardou en botar a andar, limitase a unha zona concreta da cidade (Ventorrillo e Agra do Orzán), e a uns sectores determinados (residuos e limpeza; infraestruturas básicas; e contorno natural). Porén, é para ADEGA un sinal positivo de cambio de actitude por parte da concellería de medio ambiente, e o proceso está a ser aberto e participativo. Os actores principais son o Concello, as asociacións de veciños, escolas e institutos da zona, e as asociacións ecoloxistas ADEGA e Ecodesarrollo Gaia. Atópase agora o proxecto na súa primeira fase de diagnose e recollida de información, para dar paso en outono ao debate do plano de acción.

Consideramos que se trata dun proxecto ilusionante polo seu carácter participativo e polo encontro con outras asociacións e colectivos. Con todo, non podemos deixar de esixir que se amplie a Axenda 21 Local nun futuro a outros barrios esectores, e que se cree un Consello Local de Medio Ambiente representativo e con reunións periodicas. Tampouco deixaremos de denunciar o que consideramos eivas democráticas, como a dificultade de acceso á información (Nostíán, etc) ou o contido do regulamento de participación cidadá aprobado recentemente polo Concello, unha oportunidade perdida no camiño cara a unha democracia máis participativa.

I conservar:  
Sada

de galiza.org

Subvencióna:

DEPUTACIÓN DE A CORUÑA

DEPARTAMENTO DE MEDIO AMBIENTE  
SIGMAR

## REXINA BASADRE OROZCO

Entrevista por ADEGA-Coruña

### "FALTA SENSIBILIZACIÓN CON ECOSISTEMAS COMO AS BRAÑAS DE SADA"

Rexina Basadre Orozco é concelleira do BNG en Sada, e socia de ADEGA. Tivo responsabilidades de goberno na área de medioambiente até que o Concello de Sada sofríu unha moción de censura froito dun tránsfuga do PSOE. Na actualidade promove con outras persoas unha campaña pola defensa das Brañas de Sada, debido á ameaza urbanística inminente que sofre este espazo natural.

- Qué destacaría vostede do espazo natural das Brañas?

- En primeiro lugar, trátase dun humidal, é dicir, dun dos ecosistemas mais produtivos e de maior valor, que ademais está nunha zona moi poboada, anexo completamente ao núcleo urbano de Sada, e que é a parte superviviente do antigo Espazo Natural que era a costa de Sada hai centos de anos. No século pasado sofríu cambios notábeis debido á extracción de terra para a fabricación de tellas, dando lugar a lagoas artificiais dunha profundidade máxima de 3 a 5 metros, e coa industrialización nos anos 60 e o conseguinte peche da fabricación artesanal das telleiras, quedou sometido a un proceso de naturalización, mantendo hoxendía un aceptábel estado de conservación. Así, este espazo alberga especies protexidas nas normativas europea, estatal e galega, como son lontras, nenúfares e ábores moi vellas.

- Está baixo algunha medida de protección?

- A situación actual é de abandono: hai unhos anos serviu como vertedoiro de lixo municipal, e de maneira residual ainda recibe vertido incontrolado de residuos. O tránsito polas Brañas é perigoso porque a maioría dos lugares accesíbeis, son basureiros. Existe un Plano Especial de Protección das Brañas, municipal, actualmente en vigor, elaborado como requisito necesario á aprobación dun Plano Urbanístico nos anos 1993-1994 polo que se permitiu a urbanización da zona colindante a área protexida.

- Qué amenazas teñen as brañas?

- As presión urbanística e a especulación, favorecidas pola súa situación no medio do núcleo urbano de Sada, e a falta de sensibilización con estes ecosistemas. O problema do Plano Especial de Protección de As Brañas é que pode ser



modificado polo Concello, como xa sucedeu no ano 1998, e como parece que é a idea do actual equipo de goberno, xa que na lexislatura anterior pretendía facer un parque recreativo urbano na zona protexida, con alquiler de carros, de bicicletas, lanchas, etc.

- Qué medidas levaría a cabo vostede se seguira no goberno?

- Como membro do goberno, até a moción de censura do día 19 de xaneiro, traballei no proceso encamiñado á lograr para as Brañas de Sada a figura de Humidal Protexido segundo a Lei 9/2001 de conservación da natureza. Conseguíuse a aprobación no Pleno do Concello da solicitude á Xunta de Galiza para a iniciación do expediente correspondente, que posteriormente debería culminar na súa inclusión na Rede Galega de Espazos Protexidos. Paralelamente iniciáramos varias vías de estudio, coa colaboración da Universidade e de empresas privadas dedicadas a estudos ambientais, para facilitar a futura elaboración do Plano de Ordenación de Recursos Naturais. É claro que se gobernara, continuaría estes traballos, buscando financiamento para este proxecto e negociando a sua posta en marcha coa Consellería de Medio Ambiente, os propietarios dos terreos, e a sociedade de Sada en xeral.

- Qué pode aportar este espazo natural para os veciños/as de Sada?

- Sería unha escola para as xeraciós futuras, onde tería cabida a un tempo a vida das garzas e o lecer e disfrute dos habitantes de Sada. Significaría tamén manter viva unha parte da historia da vila, a das telleiras, e actuaria como polo de atracción de visitantes.

# PROXECTO DE "CEMENTOS GALEGOS" FORTE OPOSICIÓN VICINAL EN NARÓN

Co xa resabido prólogo de "progreso" e "traballo", o concello de Narón burlase unha vez máis dos seus ciudadáns e pretende colar�les, xa por segunda vez, unha das empresas máis contaminantes e daninas vulnerando a normativa que marca unha distancia de 2000 m entre a empresa e calquera núcleo de poboación. Outra cementeira instalada en Narón xa está a producir moitísimos problemas aos veciños e ao medio ambiente.

O obxectivo desta planta industrial é o "Moído de materiais constitutivos de producir baixo moído mecánico produtos derivados do cemento". As materias primas empreadas han ser: clinker importado doutros países, que chegará por barco ao Porto de Ferrol-San Ciprián, caliza, xeso, sílice, escorias de alto forno, procedentes de siderúrxicas ou de restos de combustión de centrais térmicas, alegando neste último caso que é unha forma de "reciclar" estes residuos.

Porén, estes residuos unicamente serían "agochados" pero seguirían sendo altamente daninos. Os restos de combustión conteñen sustancias moi tóxicas e perigosas como poden ser metais pesados (especialmente antimonio, arsénico, berilio, cadmio, chumbo e mercurio) e PIC (produtos de combustión incompleta). Os metais pesados non son nin destruídos nin detoxificados. Entre as súas afecções sanitarias atopáñase todo tipo de car-



A cementeira ocasiona un continuo trasego de camiões, ruído no moído de materiais e pó.

cinomas, sobretodo de larinx, pulmonar, hepático e renal, ademais de neumonía, asma, alteracións endocrinas, malformacións nos fetos, esterilidade, alteracións neurolóxicas irreversíbeis e afectacións cutáneas. Os PIC son tamén bioacumulativos e quedan fixados nos seres vivos, sobretodo na grasa e leite, producindo alteracións do sistema imunolóxico, do aparato reprodutor, neurolóxicas irreversíbeis, enfermidades pulmonares e lesións dixestivas.

Os restos de combustión preséntanse na forma de cinsas volantes de moi pequeno tamaño, tanto, que nin sequeira os filtros de protección más eficaces logran contelar, de maneira que escapan ao ambiente con gran facilidade para introducirse nos pulmóns polas vías respiratorias e chegan polo sangue a calquera órgano. O concello excusase dicindo que como non fabrica clinker non contamina, pero en realidade o propio clinker xunto coa merdallada que lle engaden, escorias, cinsas, etc... son tóxicos e perigosos.

O continuo trasego de camiões e o constante ruído do moído dos

materiais causará unha tremenda merma da calidade de vida para os veciños. O pó incrustarase nas súas casas, non poderán tender a roupa, terán os cristais das fiestras suxos e o que é peor, cubrirá dun manto gris as colleitas, as árbores frutais, todo. Este pó produce graves alteracións na vexetación ao impedir realizar a fotosíntese adequadamente, e pola deposición de partículas, incluso agota os cursos de auga superficiais e subterráneos.

A pesar de tratarse dunha parcela na que non se permitía facer este tipo de industrias, a empresa CEMENTOS GALE-

**O pó incrustarase nas casas, non se poderá tender a roupa, os cristais das fiestras estarán suxos, e un manto gris cubrirá colleitas, árbores e todo**


GOS fixo unha opción de compra desta parcela anexa ao polígono industrial Río do Pozo, dando xa por feito de que ía ser recalificada, como de feito acaba de aprobar o concello de Narón, a pesares das máis de 350 alegacións presentadas por particulares, veciños, asociacións, partidos políticos e Adega Trasancos. En

Restaurante  
VEGETARIANO  
CABALIÑO DO DEMO  
rúa aller ulloa, 7  
(xunto á porta do camiño)

VELOCÍPEDO.

DESCONTOS A SOCI@s DE ADEGA

Rúa San Pedro, 23 • 15703 Santiago de Compostela  
Teléfono e Fax 981 580 260




conclusión, existen claros indicios de especulación: a recalificación dos terreos só favoreceu os intereses particulares dunha empresa privada de grande impacto para a saúde.

Crearanse, segundo a empresa, 40 postos de traballo. Pero perto da metade virán de fora da nosa comarca (directivos, encargados e comerciais), xa que a empresa ten o seu domicilio social en Madrid, polo que pouco axudará a solucionar os problemas de paro existentes na comarca. Ademais, debería analizarse o prexuízo que esta cementeira suporá para as explotacións gandeiras e agrícolas de toda a comarca, por non falar da perda patrimonial dos veciños do Castro.

Estes xa tiñan coa nova lei do solo unha serie de restriccións de uso das súas fincas con fins residenciais e agrario-gandeiros, para preservar a paisaxe, o medio ambiente e o carácter agropecuario da zona. Polo contrario, a cementeira non topou con estas restriccións, nun claro exemplo de que as leis se fan só para uns cantos.

Porén, superando a falta de información e experiencia para tratar o problema, os veciños conseguiron organizarse e pouco a pouco oponer unha grande resistencia a esta cementeira con manifestacións, charlas, sentadas diante do concello, protestas pacíficas nos plenos, etc, e incluso formaron unha comparsa



no entroido!, pois imaxinación non lles falta.

Xa cómo remate, e a modo de meditación persoal, ¿non dá medo pensar que o futuro cemento que forme parte das nosas casas está feito con escorias e restos de combustión e áinda por riba hai que empeñarse nunha hipoteca de por vida para pagar esa merda? Réstame só facer un chamamento a toda a xente concienciada para que nos apoie e apoie a estes veciños de Narón. Para máis información, contactar coa delegación de Adega-Trasancos.

M. Belén Arenas Riveiro. Secretaria da delegación ADEGA- Trasancos

16  
•dezaseis

0·dezaseis

• Casa de Xantar •

Rúa de San Pedro, 16  
15703 Compostela

Teléfonos  
981 564 880  
981 577 633

16  
•dezaseis

0·dezaseis

• Casa de Xantar •

cafe-bar



*a medusa*  
praza salvador parga nº 1

## PERIGO QUADS!

Xan Duro e Ramnsés Pérez

### AFFECTADOS 30 CASTROS E PETROGLIFOS NO MORRAZO.

Segundo denunciou a Plataforma Anti Vía Rápida Morrazo, as obras da vía rápida están a afectar grave e irreversiblemente o rico patrimonio histórico-natural da comarca, que na súa síntese abrangue distintas épocas dende o paleolítico até a época castrexa e a medieval. Xa van máis de 30 xacementos afectados entre castros e petroglifos, uns no seu perímetro de protección e outros directamente tocados ou destruidos. Non se fixeron excavacións previas ao inicio das obras, polo que agora se recorreu a excavacións de urxencia, feitas a marchas forzadas, coas máquinas diante e a presión das empresas construtoras. Os asentamentos calcolíticos do Regueiriño, a Devesa de Abaixo e os Remedios, o medieval de Montenegro e os petroglifos da Devesa do Rei, Gondarán e o Vieiro, resultaron seriamente afectados ou foron destruídos. Máis información na páxina web: [www.morrazo.org](http://www.morrazo.org).

**O PROXECTO DE ENCORO DE NAVIA RECEBE UN NOVO GOLPE,** ao dictarse a sentencia do Tribunal Supremo a favor dos veciños e concello de Navia na súa reclamación. Pola antigüidade do proxecto, que vén dos anos cincuenta, a empresa pretendía a súa construcción sen a elaboración dun estudio de impacto ambiental. Aínda que estes estudios acostuman a converterse en papel mollado, constituen hoxe unha das poucas vías de participación da cidadanía para manifestar a súa opinión.

**O AMBIENTALISMO PERDEU PESO NO PARLAMENTO EUROPEO.** O resultado das eleccións europeas do pasado xuño configuraron un parlamento mui similar ao anterior, pero no que os partidos pro-ambientalistas perderon peso, gañando forza o centro-direita, que se ven carac-

Nos últimos tempos, e ao abeiro do denominado turismo de aventura, resulta cada vez máis frecuente atoparse por calquera recanto do noso país unha nova moda para "disfrutar da natureza": os quads. Montes, sistemas dunares, corredoiras e camiños vense convertidos en circuitos por estas motos de catro rodas sen que semelle existir ningún tipo de control tanto por parte das autoridades como por parte das empresas adicadas a este tipo de actividades.

Os quads ofrécese como "outra excitante actividade neses dinámicos vehículos todoterreno que che darán un novo grao de liberdade", "vehículos para dominar a natureza" ou convidásenos con eles a "disfrutar da natureza nun contorno con encanto". Estes vehículos, como sucede co mal uso dos 4x4 ou as motos off road, máis que achegarse a "natureza" o que fan é pasar por riba dela, sen reparar no impacto que están a causar, deixando o seu selo en forma de enormes rodeiras e solos erosionados.

A nivel ambiental, este "deporte activo" causa diferentes impactos, entre os que figuran: a mortaldade directa de fauna por atropelo ou indirecta por alteración de áreas e especies sensíbeis, o que en épocas de cría pode levar ao abandono destas, etc; a degradación do chan facendo inaccesíbeis os camiños para outros usuarios; ou afeccións graves en espazos moi sensíbeis como os ecosistemas dunares, etc.

E si, a consideración do contorno natural polos usuarios dos quads é ínfima, e o mesmo podemos dicir do respecto aos habitantes das zonas empregadas como

circuíto. Os/as practicantes deste pseudo-deporte non só non respectan a cultura local e as súas costumes, senón que imponen o seu modo e ritmos: a presa, o ruido, o estres e a contaminación.

Cómpre adoptarmos de xeito urgente medidas de control sobre esta nociva actividade comezando pola planificación e zonificación dos espazos para a súa realización, regulándoo convenientemente, establecendo as obrigas e condicións para a súa práctica que eviten os impactos ambientais e sociais da mesma. Entre outras limitacións, débese prohibir o seu acceso aos espazos naturais que teñan algún tipo de figura xurídica de protección. Limitar categoricamente a súa circulación a pistas de máis de 4 metros de ancho así como a prohibición expresa de abandonar estas para circular campo a través. É imprescindible tamén establecer un límite máximo de velocidade de 30 km hora (pódese realmente circular a máis velocidade e combinar precaución, disfrute da paisaxe, da flora, da condución..?).

En canto ás empresas de aluguer, haberíalles que requerir responsabilidades polo uso indebido destes vehículos e ter que informar axeitadamente aos usuarios/as sobre os límites e lugares de conducción.

Se queremos conservar o rico patrimonio natural e cultural do noso país e, como semella ser o obxectivo da Administración galega, buscar un turismo de calidade que faga posibel o achegamento á fauna, á flora, ás xentes e ás paisaxes, precisamos dunha normativa legal urgente que impida a circulación sen control destes molestos, ruidosos e contaminantes quads.



Cómpre o control urgente da actividade, a zonificación dos espazos e as obrigas e condicións para a súa práctica



## XUIZO A UN MEMBRO DE NUNCA MÁIS!

Vense de celebrar en Lugo, o pasado 9 de xuño, o xuízo contra o profesor de economía da USC en Lugo, Bernardo Valdés Paços. Denunciado por agresións a un membro da escolta, foi condenado a un ano e dous meses de prisión e a pagar unha multa de 360 euros e unha indemnización de 450 euros ao gardacostas.

Bernardo participou, xunto con outros membros da Plataforma Nunca Máis de Lugo, nunha manifestación de protesta pola visita de Rajoi a esta cidade, en febreiro de 2003, en plena crise do Prestige.

En realidade, durante a manifestación el foi golpeado pola policía, sendo danado nas costas. Non fixo denuncia no seu momento, mais el non agrediu a ningúen, nem sequera deu un empurron, o que podería ter feito calquera das persoas presentes, polo barullo que se formou.

No momento a ninguén dos presentes se lle pediu identificación, mais algúns días máis tarde foron denunciadas unhas nove persoas por agresións. O parte médico de lesións do escolta ten data de dous días máis tarde dos feitos citados. Non sabemos cal foi o mecanismo de identificación dos compañeiros denunciados, nem sequera o de Bernardo, que non foi requerido para se identificar no día da manifestación. Segundo fontes da policía, estas persoas aparecían en fotos noutras manifestacións, como as tan numerosas contra da LOU.

Non hai probas que demostren que Bernardo agredese ao escolta de Rajoi, e as testemuñas declaran ao seu favor. Contra súa está só a palabra da policía. O xuíz determinou admitir a petición do

fiscal: un ano e dous meses por participar nunha manifestación pacífica. Bernardo non irá ao cárcere, pero só porque non ten antecedentes.

E nós preguntámonos: ¿Non hai castigo para os responsábeis de ter afundido un barco danando gravemente a vida das nosas costas, e agredindo gravemente a economía deste país? ¿Non haberá castigo para os que non estaban no seu posto de traballo nunha urxencia nacional? ¿Non haberá castigo para os que, burlándose do orgullo e da dignidade dun pobo, ocultaron, mentiron, enganaron e taparon as súas torpezas con falsas esmolas, como aquel "eu traio cartos no peto...".

Ás veces faise mui longo, aborrecido e desmoralizador este tempo de espera. Espera para que esta nazón recoñeza aos que traballan por ela (Bernardo ten sido, xunto con outras muitas persoas de Lugo, voluntario nas diferentes actividades que o requeriron naqueles momentos). Espera para que este país se recoñeza como tal, e non delegue o goberno da súa facenda nas propias xentes que o denigran. Espera para que a tomada de decisións e de escolla sexa libre e independente.

Mentras, continuaremos traballando.

Adela Figueroa Panisse (da Plataforma Nunca Máis de Lugo e de ADEGA)

terizando pola negativa a adoptar medidas de protección ambiental, e que pasou do 49 ao 52% dos escanos. John Hontelez, directivo da Oficina Europea do Ambiente (OEMA), federación ecoloxista na que participa ADEGA, afirmou que o Parlamento Europeo veu sendo o principal aliado dos grupos ambientalistas en Europa, pero que muitos cidadáns non reconhecen á Unión Europea como unha entidade que traballe por unha maior calidade de vida e un futuro próspero e seguro.

### AUTORIZADO O COMERCIO DUNHA NOVA VARIEDADE DE MILLO TRANSXÉNICO.

A Comisión Europea decidiu en maio permitir a importación durante 10 anos dunha nova variedade de millo transxénico, o BT-11. ADEGA rexeitou esta decisión, que pon fin a unha moratoria europea existente de feito desde 1998, e pediu ao Goberno central que prohíba a súa comercialización en territorio español, xa que existen dúbidas sobre a súa nocuidade para o ambiente e para a saúde humana. A Comisión cedeu deste xeito perante as presións dos países produtores de cultivos transxénicos (EEUU, Canadá, Arxentina...), e as da multinacional suiza Syngenta (antes Novartis), propietaria do millo BT-11. O millo BT-11 incorpora resistencia a un herbicida -glufosinato de amonio- e ao ataque do taladro do millo mediante a producción dun insecticida derivado de bacterias.

### EN ESTUDO UNHA NOVA PLANTA DE COMPOSTAXE.

O Proder II da comarca de Pontevedra (concellos de Pontevedra, Barro, Vilaboa, Ponte Caldelas e Poio) ven de financiar o estudio de viabilidade dunha planta de compostaxe de residuos forestais e de xardinería, a raíz dunha proposta feita polas Comunidades de Montes.

### NA MARIÑA LUCENSE, ALCOA NEGOCIA COS AFECTADOS POLA CONTAMINACIÓN.

Unha sentencia condenou a multinacional a

indemnizar a 52 particulares afectados. Os veciños demandaron á empresa polos danos causados polas emisións contaminantes en terreos, plantas e animais, entre os anos 1981 e 2000.

**DENUNCIADO O IMPACTO AMBIENTAL E SOCIAL DUN VIADUTO NA RÍA DE NOIA.** O viaduto conectaría Punta Bruñeira e Punta Testal como solución aos atascos que se sofrén no verán en Noia. As alegacións de ADEGA salientan o enorme impacto ambiental que suporía a súa construcción, ao atravesar o LIC "Esteiro do Tambre" proposto para formar parte da Rede Natura 2000. Tería efectos directos sobre a circulación de correntes mariñas no esteiro e afectaría gravemente aos sedimentos durante a sua construcción. O viaduto irrompe tamén na liña de costa e no horizonte marítimo de Noia, afectando a un dos patrimonios más importantes da vila, a paisaxe. Para ADEGA, o viaduto non soluciona o problema do tráfico, simplemente traslada xeograficamente a súa incidencia dunha zona a outra, e agrávao ao converterse en reclamo para un maior uso do automóbil privado.

**A REFORMA DA "LEI DO SOLO" MARXINA AS CONSIDERACIÓNES AMBIENTAIS,** segundo denunciou ADEGA, entidade que propuxo que se debata tamén no Consello Galego de Medio Ambiente, diante da ausencia de diálogo e negociación coas asociacións de defensa ambiental. Entre os elementos da reforma más preocupantes para ADEGA figuran a redefinición das categorías de solo rústico de protección agropecuaria, protección forestal e protección paisaxística, o establecemento dun réxime específico que dea viabilidade aos establecementos de acuicultura a emprazar no litoral (para favorecer instalacións altamente impactantes como a que Pescanova quere construir en cabo Tourián) ou a relaxación na protección de espazos naturais.

# ESCÁNDALO NA XESTIÓN DO LOBO EN GALIZA

ADEGA ven de denunciar determinadas irregularidades na xestión do lobo (*Canis lupus*) en Galiza, cometidas por quen debera velar pola boa xestión da especie, a Consellería de Medio Ambiente. Segundo un documento ao que tivemos acceso, o Delegado da Consellería en Lugo autorizou ao Xefe de Servizo da Delegación de Caza e Pesca Fluvial en Lugo a cazar lobos na provincia ao seu libre albedrío.

Dende ADEGA fixéronse unha serie de preguntas ao Conselleiro sobre esta curiosa forma de xestión da vida silvestre, na que os propios cargos son os que exercen o control sobre as poboacións. Un dos puntos más escuros en toda esta historia é que para que se exerzan controles sobre o lobo, teñen que existir informes de danos dos técnicos da propia Consellería; desde esta alegouse que existían protestas dos veciños... ¿será este un novo criterio na política medioambiental da Xunta? Así, por exemplo, cando os habitantes dun lugar protesten contra unha central hidroeléctrica significará que non se vai construír...

É destacábel que esta acción foi desenvolvida ás costas da sociedade en xeral, das sociedades de cazadores e dos grupos ambientalistas. Por outra banda a ningún se lle escapa que un lobo é un prezado trofeo para un cazador, polo que en ocasións chéganse a pagar cifras que roldan os 6000 euros.

Existen moitos claroscuros nesta decisión. Por unha parte ignóranse os dereitos dos titulares dos terreos cinexéticos (TECOR) a exercer a caza ou mesmo a tomar decisiones sobre os seus propios coutos. Pola outra, non parece lóxico que sexan directamente cargos da Consellería os que exerzan a caza do lobo.

Ignoramos cántos lobos foron abatidos, por quén e en qué datas, así como o uso que se lles deu aos presuntos cadáveres: ¿foron considerados trofeos de caza ou mostras biolóxicas para desenvolver investigacións valiosísimas sobre a biología da especie? Igualmente outros puntos de Galiza leváronse a cabo batidas indiscriminadas en plena época de cría, como por exemplo na serra do Barbanza.

Tamén resulta grave o feito de que tras anos de estudos e censado da poboación de lobos galegos e tras redactarse por biólogos con experiencia un plano de xestión, baseado en criterios científicos (todopa-

gado pola propia Consellería de Medio Ambiente), este plano estea a durmir nalgún caixón, non se aplique e se sigan a empregar criterios caprichosos para a xestión desta especie. A aplicación dun plano como o mencionado achegaría a xestión cinexética e pobacional do lobo en Galiza á realizada noutras comunidades do Estado, o que permitiría o dobre obxectivo de limitar os danos do lobo e mellorar a súa imaxe entre os diferentes sectores así como permitir a súa conservación.

E é paradoxal que a Consellería aplique esta política de 'controles' xusto cando ven de artellar unha liña de compensacións por danos, longo tempo reivindicada tanto polas organizacións conservacionistas como por sindicatos labregos. Xustamente ao peche deste artigo, ADEGA acaba de recibir carta do Valedor do Pobo indicándonos que veñen de abrir un expediente de queixa de oficio sobre esta cuestión.

Xabier Vázquez Pumariño




Non parece lóxico que sexan directamente cargos da consellería os que exerzan a caza do lobo.

EFECTOS ECONÓMICOS,  
SOCIAIS E AMBIENTAIS DA  
MAREA NEGRA DO "PRESTIGE"



ECONOMIC, SOCIAL AND ENVIRONMENTAL  
EFFECTS OF THE "PRESTIGE" SPILL

COORDINADORES / COORDINATORS:  
ALBINO PRADA E MARÍA XOSÉ VÁZQUEZ



CONSELLO DA CULTURA  
GALEGA

SECCIÓN DE CIENCIA, TÉCNICA E SOCIEDADE

## "EFECTOS ECONÓMICOS, SOCIAIS E AMBIENTAIS DA MAREA NEGRA DO PRESTIGE" (versión bilingüe galego/inglés)

Albino Prada e María Xosé Vázquez (coordinadores)  
Consello da Cultura Galega, Sección de Ciencia, Técnica e Sociedade  
Santiago de Compostela, 2004, 437 páginas, ISBN: 84-95415-74-7

Non esquecer. Este é o obxectivo deste libro. En marzo do 2003, coa marea negra do Prestige aínda viva, organizouse na sede do Consello da Cultura Galega un seminario científico internacional no que participaron expertos na avaliación económica dos efectos de desastres semellantes en diversas partes do mundo. Os traballos presentados naquel encontro aparecen aquí recopilados. O libro ofrécenos acceso a experiencias en avaliación de danos das mareas negras, con especial mención ós casos do Exxon Valdez e do Erika. O Exxon Valdez amosou que é factible estimar os danos ao patrimonio natural non comercial, e acadar indemnizacions por este concepto que poidan ser investidas en recuperación, investigación e mellora das áreas danadas. Preséntase tamén unha interesante reflexión sobre a "estratexia latina" frente a desastres ambientais, presentando as similitudes entre o acontecido en Aznalcollar con Boliden e en Galicia co Prestige. Finalmente, un grupo de investigadores galegos informa sobre o que debería facerse (poderíamos agora dicir o que se debería ter feito) para avaliar os danos causados polo Prestige.

O argumento da maior parte das contribucións, presentadas nunha linguaxe accesible para todas as persoas interese das, descansa no feito de que o risco deste tipo de "accidentes" é unha variábel máis na decisións maximizadoras de beneficio das empresas petroleiras e fai fincapé na importancia de exixir responsabilidade ilimitada e total ás mesmas

## LIBROS E DOCUMENTACIÓN

polos danos causados, así como de que os gobernos deixen de colaborar, ben sexa por acción ou omisión, neste tipo de estafas sociais. Pódese acceder á versión en pdf do libro (1,75 Mb) no enderezo: [http://www.consellodacultura.org/media\\_teca/publicaciones/prestige.htm](http://www.consellodacultura.org/media_teca/publicaciones/prestige.htm)

### INFORME ANUAL DA AXENCIA EUROPEA DO AMBIENTE (EEA) SOBRE AS TENDENCIAS AMBIENTAIS NA UE

A edición 2004 deste informe cubre diferentes aspectos ambientais nos eidos da agricultura, a contaminación das augas, a protección da natureza, os residuos de envases, a enerxía, o transporte, a contaminación do aire e o cambio climático. Asimesmo, ofrece unha perspectiva ambiental sobre a situación económica e social en Europa, incluindo tendencias demográficas e de uso de recursos. Pódese baixar este informe dende a páxina web: <http://reports.eea.eu.int/signals-2004/pt>.

### INFORME SOBRE A CALIDADE DAS AUGAS DE BAÑO NO 2003

Como cada ano, no comezo da estación veraniega, a Comisión Europea presentou o seu informe anual sobre a calidade das augas de baño en Europa. O informe indica que globalmente a calidade das augas continua a mellorar. En 2003, o 98.6% das augas de baño costeiras e o 92.3% dos lugares de baño de auga doce cumpriron coa Directiva correspondente. Os datos preséntanse agrupados para cada estado membro. No caso do Estado español, o informe indica unha mellora substancial na calidade das augas fluviais, que antes rexistraba numerosos incumplimentos, pero de seguido aclara que se trata dunha mellora aparente, debida a que foron dados de baixa como lugares de auga de baño a maior parte daquelas nos que se viñan rexistrando problemas en anos anteriores. Podes recibir máis información en: <http://europa.eu.int/rapid/pressRelease-sAction.do?reference=IP/04/698>

### ADEGA Informa – Boletín electrónico

Elaborado mensualmente pola Asociación para a Defensa Ecológica de Galiza (ADEGA), podes solicitar a súa recepción automática dirixíndote a [adegagaliza.org](mailto:adegagaliza.org), ou consultalo na web da nosa asociación: [www.adegagaliza.org/publicaciones/boletin/](http://www.adegagaliza.org/publicaciones/boletin/)

### "EFEITO PRESTIGE: O MAR DA VIDA E OS SEUS ÁMBITOS"

IV Xornadas Internacionais de Cultura Tradicional  
VV.AA. Isabel Longuera Mira (Coordinadora)  
Asociación Cultural Canle de Lira  
Carnota, 2004. 110 pax. ISBN: 84-609-1498-4

Trátase dun volume heteroxéneo e singular, no que se recollen parte dos relatos presentados á IV edición (2003) destas xornadas que cada ano se celebran en Carnota. Pablo Meira aborda o poder da educación ambiental, posto de manifesto na resposta á catástrofe do Prestige coa mobilización dunha xeración maiormente xoven que mamou a choiva fina dos últimos 25 anos de vida do movemento ecoloxista e dá introdución da educación ambiental nos movementos de renovación pedagóxica. Jeffrey W. Short e Stanley D. Rice fálannos dos efectos medioambientais da marea negra do Exxon Valdez, contrastados ao longo de máis de doce anos de estudos, e Xavier Queipo relátanos como se contan os peixes e se asinan as cotas de pesca entre os diversos estados.

No marco dun sistema económico globalizado e alegal, Xan Duro argumenta que o Prestige non foi un accidente ou catástrofe inesperada, senón que é unha consecuencia mais dun modo de vida insustentábel, caracterizado por un modelo enerxético e de consumo destrutivo. Alberto Sánchez e Manuel Soto presentan o traballo da asociación ecoloxista ADEGA diante da marea negra e Alba Andrade abonda nas razóns que, como voluntaria, a levaron a acudir á costa e mollarse en recoller chapapote. O testimonio doutras duas voluntarias, Montse Martínez e Rosa Aneiros, a colección fotográfica "Mar de Lira, Mar Maior, Mar da Vida", de Maribel Longuera, e unha selección de portadas de diferentes publicacións adicadas ao Prestige completan o volume.

### Efecto Prestige O mar da vida e os seus ámbitos

Xornadas Internacionais de Cultura Tradicional





UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Dpto. de Química Física  
e Enxeñería Química I

# A XESTIÓN DOS RESIDUOS NA GALIZA E NA UE

21 E 22 DE OUTUBRO DE 2004

CASTELO DE SANTA CRUZ (CEIDA) OLEIROS - A CORUÑA

**RECOÑECIMENTO OFICIAL:**


20 horas de formación do profesorado (Orde 12/12/94, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria),  
e 1 crédito de libre elección pola Universidade da Coruña

**FINANCIACIÓN:**

Vicerrectorado de Extensión Universitaria e Comunicación. Universidade da Coruña  
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galiza

**INFORMACIÓN**

<http://www.udc.es/occ/> e <http://www.adegagaliza.org>  
teléfono 981 167 050 (ext. 2038) ou 981 570 099  
correo electrónico: ruiz@udc.es



## - PROGRAMA -

**XOVES 21. 10:00-14:00 H**

- A xestión do lixo en Galiza en relación coa normativa da UE -
- Avances na recollida selectiva e a reciclaxe en Catalunya -
- Usos do compost e papel da materia orgánica nos solos -
- O Complexo Medioambiental de Nostián -

**XOVES 21. 16:00-20:00 H**

- Visita ás instalacións de Nostián (A Coruña) -
- Participación cidadá na recollida selectiva: o caso de A Coruña e o Consorcio das Mariñas -
- Compostaxe caseira e educación ambiental comunitaria -

**VENRES 22. 10:00-14:00 H**

- O complexo medioambiental da Mancomunidade Serra do Barbanza -
- Proxectos de compostaxe en pequenos núcleos -
- O plano de xestión de residuos urbanos de Galiza 2004-2010 -
- A xestión do lixo na Área Metropolitana de A Coruña -

**VENRES 22. 16:00-19:30 H.**

Visita ás instalacións de SOGAMA (Cerceda)

**PONENTES:**

- José Manuel Álvarez-Campana. Consellería de MA  
María Teresa Barral. Universidade de Santiago  
Florencio Cardador. Concello de A Coruña  
Marta Domínguez. FCC  
Ricardo García Mira. Universidade da Coruña  
Francesc Giró i Fontanals. Generalitat de Catalunya  
Daniel Otero. Albada  
Carlos Pérez Losada. Ros Roca  
Ramsés Pérez. Asociación ADEGA  
Xulio Sancristán. Consorcio de As Mariñas  
Manuel Soto Castiñeira. Universidade da Coruña

**COORDENADORES:**

Isabel Ruiz e Manuel Soto. Universidade da Coruña

# RCD: RESIDUOS DA CONSTRUCIÓN E DERRUBO

Manuel Soto Castiñeira\*

Na actividade construtiva xéranse grandes cantidades de resíduos. Mentre a maior parte (75%) destes resíduos son restos cerámicos, áridos e formigón, o restante 25% inclue asfalto, metais, madeira, plástico, papel, lixo, e tamén diferentes materiais tóxicos e perigosos. Na Galiza, o destino principal dos RCD é aínda o vertido, incluso o vertido incontrolado, mentres diversos países europeos superan o 80% de reciclaxe.

O residuos da construcción e demolición (RCD) correspóndense co código europeo de residuos CER 170.000. Son maiormente resíduos inertes xerados na construcción ou derrubo de edificios, en obras civis ou na fabricación de pezas e elementos construtivos, excluidas as terras limpas procedentes das industrias extractivas ou das grandes obras públicas.

Poden conter componentes perigosos, tais como amianto, fibras minerais, disolventes, resinas, determinados plásticos, CFCs, PCBs, compostos haloxenados de tratamento ignífugo, lámpadas de mercurio e outras, baterías de Ni-Cd, etc. Estes resíduos perigosos deben separarse en orixen e tratarse dacordo coa sua normativa específica. Tamén poden conter componentes non inertes, tais como lixo ou restos orgánicos, papel e cartón, etc, ou componentes que provoquen emisións tóxicas en posteriores tratamentos, como é o caso da combustión de madeiras tratadas.

## CANTIDADES XERADAS

As estatísticas de xeración son mui variábeis, xa que o concepto empregado até o momento varía dun a outro lugar e dunha a outra administración. Na UE tense estimado para 1999 unha xeración promedio de 480 kg/hab.ano, cunha variación entre países que vai dos 170 aos 720 kg/hab.ano. O seu destino maioritario en promedio é o vertedero, cunha pequena participación da incineración e unha reciclaxe ou reutilización do 28%. Porén, algúns países atinxiron xa o 90% de reutilización e reciclaxe. A figura 1 móstranos a situación en Europa a finais dos anos 90.

## TIPO DE RESIDUOS E COMPOSICIÓN

O plano de residuos industriais de Galiza estima para o 2000 unha xeración de 795.360 t/ano, o que equivale a unha taxa de xeración de 295 kg/hab.ano. A caracterización destes



residuos móstrase na táboa 1, e refírese aos principais tipos de residuos segundo se recollen na actualidade. Porén, o capítulo de RCD mesturados supón o 83% do total, e inclue materiais mui diversos, que deberían separarse na orixe para o seu aproveitamento e reciclaxe, e para minimizar o impacto ambiental da súa xestión. Neste sentido, un estudo más completo, realizado na Comunidade de Madrid, ofreceu a caracterización da táboa 2.

## O PLANO ESTATAL DE RCD

Publicado pola Resolución do 14 de xuño de 2001 (BOE do 12-07-01) propón a creación dunha rede de centros de transferencia cunha zona de influencia duns 25 km de radio (até 15 no caso de

**O plano estatal prevé para o ano 2006 unha redución do 10% na súa xeración, e unha reciclaxe e reutilización de mais do 60%**

grandes centros urbanos) aos que chegarían os contentores de recollida (xeralmente de 7 m<sup>3</sup>). Trataríase duns 20 centros en Galiza, o que requeriría un investimento total que ronda os 9,6 millóns de euros. Nestes centros realizaríase unha primeira clasificación dos materiais, que se cargarán en camiños de grande tonelaxe para o seu transporte até as plantas de tratamiento e reciclaxe, das que o plano prevé unhas tres en Galiza, cun investimento duns 6 millóns de euros.

Asimesmo, prevé a construcción ou acondicionamento de vertedeiros de inertes, conforme á directiva europea, estimando para Galiza a necesidade duns 7 vertedeiros, cun investimento duns 7,2 millóns de euros. Por último, en relación coa actividade construtiva, o plano indica que se incluirá ou preverá nos proxectos de obra a xestión adecuada dos residuos e o seu financiamento.

Táboa 1. Residuos da construcción e derrubo en Galiza (Plano de residuos industriais de Galiza 2001)

| Tipo de material   | toneladas/ano  |
|--------------------|----------------|
| Formigón           | 2.433          |
| Asfalto e alcatrán | 13.203         |
| Cables             | 267            |
| Terras e pedras    | 117.107        |
| RCD mesturados     | 662.350        |
| <b>TOTAL</b>       | <b>795.360</b> |

Táboa 2. Caracterización dos residuos da construcción e derrubo da Comunidade de Madrid

| Tipo de material             | %   |
|------------------------------|-----|
| Materiais cerámicos          | 54  |
| Formigón                     | 12  |
| Pedra                        | 5   |
| Area, grixos e outros áridos | 4   |
| Madeira                      | 4   |
| Asfalto                      | 5   |
| Metais                       | 2.5 |
| Vidro                        | 0.5 |
| Plástico                     | 1.5 |
| Xeso                         | 0.2 |
| Papel                        | 0.3 |
| Lixo                         | 7   |
| Outros                       | 4   |

Tamén indica algúns dos instrumentos de xestión e promoción a empregar e estima o investimento necesario.

Os obxectivos a cumplir e a súa temporalización son os seguintes:

- Ano 2002: recollida e xestión completa de mais do 95% dos RCD de tipo perigoso
- Ano 2006: recollida e xestión completa de máis do 90% dos RCD
- Ano 2006: redución na orixe da xeración en máis do 10%
- Ano 2005: reciclaxe e reutilización de máis do 40%
- Ano 2006 reciclaxe e reutilización de máis do 60%
- Ano 2005: adaptación dos vertedeiros de RCD á Directiva de vertidos

## A SITUACIÓN EN GALIZA

Nunha resposta da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a unha pergunta de ADEGA, a Xunta indica que está a elaborar o "Programa de Xestión de RCD 2004-2006: situación actual e previsión de xeración e composición". As liñas estratégicas e accións promovidas pola Consellería de Medio Ambiente serían:

- Accións encamiñadas ao estímulo da demanda de RCD reciclados; en concreto, o estudo das especificacións técnicas que permitan determinar o proceso de xestión de valorización dos RCD e o seu aproveitamento pola industria da construcción. Neste sentido, as obras licitadas pola Dirección Xeral de Calidade e

Avaliación Ambiental xa valoran o emprego polo adxudicatario de materiais e produtos de reciclado.

- Planificación e estímulo da oferta de xestión, concretada nun convenio coa Fundación de la Ingeniería Civil de Galicia, do 1 de xuño de 2004.

A Xunta está a impulsar a creación de plantas de xestión de RCD de iniciativa privada e a construcción de plantas de iniciativa pública que den servizo a zonas deficientes, tendo xa definido o modelo de planta a construir.

Segundo as mesmas fontes oficiais, en setembro de 2004 existían en Galiza 15 instalacións adicadas á eliminación de RCD e 8 á valorización. Outras 4 plantas de valorización atopábanse en construcción ou tramitación, así como 9 instalacións de almacenamento previo á valorización. A distribución provincial destas instalacións sería como segue: 7 en Pontevedra, 18 en A Coruña, 8 en Lugo e 3 en ourense. Trátase dun total de 36 instalacións de iniciativa privada. Pola súa banda, a Xunta impulsa a creación doutras nove plantas de titularidade pública, segundo se indica na táboa 3.

## O IMPACTO AMBIENTAL DAS PLANTAS DE TRATAMENTO DE RCD

As plantas promovidas pola Xunta sumaría unha capacidade total de 450.000 t/ano, equivalente a algo máis do 50% do total xerado en Galiza. Porén, a súa localización alónxase dos principais centros de xeración de resi-

duos, o que resulta un punto escuro nesta planificación. Aliás, a Xunta non deu a coñecer os obxectivos de recollida selectiva e reciclaxe para este tipo de resíduos, de existirem obxectivos cuantificados como os do Plano estatal. A punto de rematarse o ano 2004, o obxectivo de recollida e xestión de máis do 95% dos RCD de tipo perigoso, previsto para 2002, está lonxe de ser unha realidade.

Por outra banda, un dos aspectos de grande importancia é o do control ambiental sobre o funcionamento das instalacións nas que se manexen RCD. O impacto ambiental pode ser similar ao dunha instalación de elaboración de cemento a partir de clinker (véxanse as páxinas 8-9 deste mesmo número de Cerna), ou de manexo de áridos, causando maiormente emisión de pó e ruído, ademais do tránsito de camións. Tamén é preocupante a posibel xestión negligente das fraccións perigosas contidas nestes resíduos.

\*Manuel Soto Castiñeira é Profesor de Enxeñaría Química na Universidade da Coruña

### Información:

Información de ADEGA sobre a xestión de resíduos: <http://www.adegagaliza.org>

Depósitos de RCD promovidos pola Consellería de Medio ambiente: <http://www.xunta.es/conselle/cma/CMA11k/CMA11kb/p11Kb072.htm>

Plan de Xestión dos Residuos Industriais e Solos Contaminados de Galiza: <http://www.xunta.es/conselle/cma/GL/CMA07g/CMA07ga/p07ga02.htm#p07ga02M6>

| Táboa 3. Plantas de xestión de RCD de titularidade pública programadas pola Xunta |                          |             |
|---|--------------------------|-------------|
| Provincia   | Comarca                  | Concello    |
| A coruña  | Xallas                   | Santa Comba |
|   | Ortegal                  | Ortigueira  |
| Lugo  | A Mariña Central         | Lourenzá    |
|   | Sarria                   | Sarria      |
|   | Quiroga                  | Quiroga     |
|   | Terra Chá                | Vilalba     |
| Ourense   | O Ribeiro                | Leiro       |
|   | Caldas                   | Valga       |
| Pontevedra  | Tabeirós-Terra de Montes | Forcarei    |

Nota: A Capacidade de todas elas é de 50.000 toneladas/ano cada unha



# XESTIÓN DO SALMÓN ATLÁNTICO IRREGULARIDADES NO RÍO ULLA

Martiño Nercellas e Xabier Vázquez

ADEGA presentou un escrito a Consellería de Medio Ambiente solicitando que clarifique a situación anómala que se está a dar coa concesión irregular de permisos de pesca do salmón nos Coutos de Sinde, Couso e Ximonde, no río Ulla. Ademais denunciou a situación na que se atopa a presa de Sinde, actualmente pechada, que pon en entredito o Plano de Recuperación dos Ríos e do Salmón Atlántico.

O salmón atlántico silvestre (*Salmo salar*) é unha especie cada vez máis escasa nos ríos galegos (en xeral en toda a costa atlántica e cantábrica), que se atopa nunha situación moi delicada e ao borde da súa desaparición. ADEGA considera insuficientes as medidas que dende a Consellería de Medio Ambiente se están adoptar para a xestión deste salmónido, no denominado Plano de Recuperación dos Ríos e do Salmón Atlántico. Neste sentido ADEGA denunciou que se están a dar irregularidades nun dos principais ríos salmoneiros de Galiza, o Ulla, relacionadas coa expedición de permisos de captura, guiado, vixiancia, pesca a pé de presa, e manteemento de barreiras que favorecen a pesca do salmón e impiden o paso doutras especies ameazadas.

ADEGA amosou a súa sorpresa e preocupación ante o Conselleiro de Medio Ambiente e o Director Xeral de Conservación da Natureza polo xeito pouco claro e sospeitoso de cómo se están a dar os permisos para a pesca de salmón nos tres coutos do río Ulla. Cando se procede a chamar e solicitar información ás tres Casas Expedidoras dos permisos de pesca de salmón no Ulla, tal coma ven recollido na guía de pesca que edita a Xunta de Galiza, os seus responsables indican que non saben nada deles e que non os posúen e, polo tanto, non os expiden, mentres que o Servizo de Medio Ambiente de Pontevedra di que as tres casas figuran como lugares para expedir permisos para a pesca de salmón. Máis curioso resulta que nunha das casas expedidoras incluso mencionaron que para conseguir os devanditos permisos hai que chamar a un número de teléfono móvil dun particular que é quen posúe os permisos. Ante esta situación ADEGA presentou aos responsables da Consellería de Medio Ambiente a seguinte serie de preguntas, para esclarecer esta anómala situación:



G. Sanchez



Martiño Nercelles

Presa de Sinde, río Ulla. ADEGA denunciou reiteradamente as irregularidades que se produciron no río Ulla neste último ano con relación á pesca do salmón.

¿É coñecedor o organismo que vostede preside desta aparentemente anómala situación? ¿Como é posíbel que as casas expedidoras (polo regular son os bares as casas expedidoras dos cotos) non saibam nada dos permisos? ¿Como é posíbel que para conseguir o permiso haxa que chamar a un teléfono móvil que non figura na guía da Xunta? ¿Quen é a persoa que expide eses permisos e que autorización ten para tal fin? ¿Estase a levar un controle rigoroso?

**¿Como é posíbel que para conseguir o permiso haxa que chamar a un teléfono móvil particular, que non figura na guía da Xunta?**

so do número de permisos concedidos e no número de capturas e guiados de salmón que se levan realizadas esta tempada? ¿Cantos salmóns quedan por capturar para fechar o cupo de 30 establecido? ¿Cantos permisos se teñen concedido no que vai de tempada? ¿Os beneficiarios dos permisos, por qué procedemento os conseguiron?

ADEGA no seu escrito tamén denunciou que, coa presa de Sinde pechada de xeito irregular e sen nengunha xustificación técnica, se está a impedir o paso e movemento de especies migratorias en perigo como a lamprea, a zamborca, o reo e mesmo o salmón do atlántico. A colocación de táboas nos pasos da presa manténa submerxida, o que permite a pesca a pé de presa dos salmóns que tentan saltar a barreira.

En novembro do ano pasado, a Asociación Profesional de Axentes Forestais de Galiza (APRAFOGA) enviou un escrito ao Secretario Xeral da Consellería de Medio Ambiente denunciando a situación da gardería no río Ulla. Este río xa non está baixo a vixiancia de gardas forestais pois, ao se xubilaren os anteriores, a Xunta de Galiza non volvveu cubrir estas prazas de axentes con persoal funcionario específico. Segundo APRAFOGA, os únicos encargados na actualidade da vixiancia son os celadores de 2ª vixiantes de recursos naturais (persoal laboral do grupo V), ficando desprazados os axentes forestais aos afluentes do Ulla. Esta situación é irregular de acordo co Regulamento dos Axentes Forestais e prexudica a vixiancia do río, pois só os axentes forestais teñen a condición legal de axentes da autoridade.




## O PLANO DE RECUPERACIÓN DOS RÍOS E DO SALMÓN, EN VÍA MORTA

No ano 1992 púxose en marcha o plan de recuperación do salmón atlántico ante a necesidade de inverter a delicada situación na que se atopaba o salmón nos ríos galegos, cun forte declive poboacional e ao límite da súa desaparición. Lamentablemente, a situación na actualidade é praticamente a mesma, e de todo o que se fixo nos primeiros anos do plan en canto a protocolo de actuación para a investigación e recuperación, tan só se manteñen medidas cara a galería baseadas nas repoboacións anuais e no deseño de escalas en determinadas bacías. É necesario recuperar e poñer en marcha os estudos realizados nun primeiro momento, cando ainda existía un verdadeiro plan de recuperación, principalmente no tocante ao inventario e eliminación de obstáculos que dificultan ou impiden o paso do salmón (presas, minicentrais, escalas mal deseñadas).

Chama a atención que os esforzos van encamiñados simplemente na creación de escalas, e nalgún caso previo afianzamento dos obstáculos como


acontece no couto de Couso e Sinde no río Ulla, requerindo investimentos millonarios de fondos Life europeos, para despois quedar abandonadas e sen utilizarse, tal coma é o caso do ascensor da Frieira no río Miño, ou a piscifactoría para a repoboación no río Tambre. Esta última atópase sen funcionar e valeira, e foi deseñada sen ter en conta as verdadeiras necesidades e condicionamentos técnicos -a pé das turbinas do encontro Barrie de La Maza. Agora a Xunta novamente cun convenio con Fenosa está a planificar outra no río Ulla.

Mentres tanto, os primeiros salmóns retornados producto das repoboacións, xunto cos restantes, son capturados baixo o deseño dun plan de capturas que non ten en conta as recomendacións dos técnicos en canto a diminución de cupos e dos efectivos da poboación salmoneira, sendo pescados a pé de presa, pechándose obstáculos nos coutos salmoneiros, e trapicheando cos permisos e guiados dos salmóns pescados. Seguimos sen ter bos tempos para o salmón nos ríos galegos.



Participa!

# Protexe e mellora os nosos Ríos



**ADEGA** vai poñer en marcha o Proxecto Ríos, unha iniciativa que pretende fomentar a participación activa da sociedade na conservación e mellora dos nosos Ríos

Contacta con nos:

[www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org)

650 261 283



PROXECTO RÍOS

# DEFENDER OS RÍOS

Rmón Muñiz\*

Galiza é mar e ríos, eles son os que configuran a súa idiosincrasia. Non hai aldea por moi pequena que sexa que non se vexa refrescada por un río ou un regato. Os ríos foron elementos fundamentais no desenvolvemento productivo e social da nosa Galiza tradicional e puxeron as bases da súa evolución ao mundo tecnolóxico moderno.

A lo largo da historia, os ríos fixeron funcionar muíños, batáns, serreirías, ferreirías, dotaron de enerxía eléctrica a moitas parroquias, posibilitaron a fertilitade das terras labregas, aportaron a auga necesaria para múltiples usos das aldeas e todo iso sen danar o ecosistema senón máis ben manténdoo e regálандoo, facendo posibel a supervivencia autónoma da nosa poboación rural.

Todo isto foi conformando unha sociedade cohesionada que tiña nos ríos a base enerxética para elaborar uns produtos que, na súa dinámica, orixinaba traballos comunais, relacións sociais, identidades grupais, estableceuse, ademais, ao seu redor todo un folklore que enriqueceu enormemente a cultura popular. Só temos que ollar a vida social e festiva que se desenvolveu xunto aos muíños.

Na realidade, os ríos formaron parte integrante da vida dos pobos, afectando a numerosas decisións a adoptar: de acordos no reparto, de turnos de utilización, de medidas técnicas e de distribución, de relacións comerciais, e que posteriormente tiveron consecuencias xurídicas, tecnolóxicas, de mercado, condicionando, todo isto, unha evolución integrada da nosa sociedade agraria.

Por iso os ríos, en definitiva, non só embeleceron a nosa paixaxe xeográfica senón tamén conformaron a nosa paixaxe humana. Pasaron a formar parte da nosa alma.

Os galegos e galegas, xa que logo, temos unha débeda cos nosos ríos, eles influíron decisivamente en ser hoxe o que somos. Protexer a súa conservación é amosar que queremos seguir sendo membros do país dos "dez mil ríos" para gozar da súa beleza natural, da sonrisa das súas fervenzas, da súa riqueza biolóxica, do seu valor ecológico. En definitiva, para seguir sendo como somos e do que estamos orgullosos. Pola contra, permitir a súa destrucción polas agresións de encoros e minicentrais feitas sen xeito, polas vias ou autovías rápidas ou lentas sen ter en conta por onde pasan, polos vertidos incontrolados e

contaminantes do lixo de fábricas e matadeiros, sería aceptar unha desvalorización ingrata do que significou a utilización racional dos ríos por parte das xeracións pasadas, así como un cambio desintegrador das nosas características que avergoñe ás xeracións futuras.

Por iso, as xeracións presentes temos a grave responsabilidade de parar tal estropicio. Trátase dunha actitude de salvación nacional á que debemos entregarnos todos os que entendamos

**Os galegos e galegas temos unha débeda cos nosos ríos. Protexelos é amosar que queremos seguir sendo membros do país dos "dez mil ríos", para gozar da súa beleza natural, da sonrisa das súas fervenzas, da súa riqueza biolóxica, do seu valor ecológico**

que na defensa dos ríos, como na defensa do mar, estamos a protexer non só uns elementos naturais de valor transcendental senón, tamén, estamos a reivindicar o noso xeito de ser, o noso estilo de vida.

\*Ramón Muñiz é sociólogo



Manifestación contra os proxectos hidroeléctricos no Ulla, o 22 de agosto de 2004 en Palas de Rei

# TRAMBOLOSRÍOS

Xosé Ramón Reigada



## OS RÍOS MENTE E ARZOÁ

Estamos diante dun río de augas bravas e axitadas, cun perfecto bosque ribeirán en galería no fondo do canón, con Amieiros (*Alnus glutinosa*), Freixos (*Fraxinus angustifolia*), Salgueiros (*Salix spp.*), Sabugueiros (*Sambucus nigra*), Sanguiños (*Frangula alnus*), Choupos negros (*Populus nigra*), Avelairas (*Corilus avellana*), Negrillos (*Ulmus procera*)...

E en íntima relación, nas zonas de avesio atopánsase especies vexetais moi interesantes, como *Saxifraga spathularis*, Lamagueiro (*Viburnum opulus*), Herba ulmeira (*Filipendula ulmaria*), Cornexo (*Cornus sanguinea*), Ruda montesa (*Ruta montana*), Xilbarbeira (*Ruscus aculeatus*), Amorodo (*Fragaria vesca*)...

Unha grande cantidade de fentos pódense atopar no canón, tanto na beira do río como nas fendas das rochas máis á cima. Son exemplos o Fento real (*Osmunda regalis*), o Fento pente (*Blechnum spicant*), e diversas especies dos xéneros *Polystichum*, *Polyodium*, *Cheilanthes*, *Asplenium*, *Athyrium*, *Dryopteris*, alén do máis común Fento dos montes (*Pteridium aquilinum*).


## A FRAGA DO CURRAL E AS MATOGUEIRAS

Subindo pola pendente atopamos fragas de xistos en paredes case verticais con socalcos naturais para o asentamento dunha especializada comuni-

O espazo natural de Trambolosríos está situado nos montes da localidade de Castrelo de Abaixo, no Concello de Riós, e fai límite ao leste co Parque Natural Portugués de Montzinho. A imponente paraxe xérase pola xuntanza das axitadas augas dos ríos Mente e Arzoá nunha zona de pronunciadas ladeiras soalleiras nas que se atopan cortados fluviais de lousas e xistos. É unha das zonas más meridionais de Galiza, cunha climatoloxía mediterránea de montaña, traducíndose todo isto nunha chea de ecosistemas moi importantes e interesantes dende o punto de vista paisaxístico e ecolóxico.



O sapiño comadroa unha das especies que podemos atopar polo camiño.



No recadro, localización da rota de Castrelo de Abaixo a Trambolosríos e á Fraga do Curral.



Abellarruco



Bolboreta *Aglais urticae*.

dade rupícola, sendo o máximo expoñente deste biotopo a impresionante paisaxe da Fraga do Curral.

As partes altas dos outeiros comprenden unha zona de matogueiras con grande cantidade de gramíneas, todo elo afectado pola man do home ao ser unha zona de forte influencia de incendios quer intencionados quer naturais, lamentando a abundante presenza da reforestación con Piñeiro de Monterrei (*Pinus radiata*) orixinario da California.

O ecosistema máis representativo está ubicado nas ladeiras soalleiras do canón, e consiste nunhas zonas de bosque e matogueira termófilas de carácter mediterráneo con especial relevancia de Aciñeiras (*Quercus ilex* ssp. *rotundifolia*), Cornalleiras (*Pistacia terebinthus*), Pradairo de Montpelier (*Hacer monspessulanum*), Oliviña (*Phillyrea angustifolia*), Morogueiro (*Arbutus unedo*), Abruñeiro (*Prunus spinosa*), Esteva (*Cistus ladanifer*), Tomentelo (*Thymus mastichina*), Ourego (*Ori-*


*ganum virens*), Macela do monte (*Helichrysum stoechas*), Arzá (*Lavandula stoechas*), etc, incluindo algunas especies de Orquidáceas ligadas a estes espazos.

#### VARIEDADE DE ESPECIES ANIMAIS


Debido a toda esta diversidade imos a atopar unha grande variedade de especies animais, moitas delas únicas ou restrinxidas no territorio galego, como a presenza dun réptil mediterráneo por excelencia, a Osga (*Tarentola mauritanica*), ainda que as



Gaio azul



Portantigo, (outeiros de gramíneas nos montes de Castrelos).




Castrelo de Abaixo



*Saxifraga spathularis*

# TRAMBOLOS RÍOS



Río Mente, a esquerda está Portugal (Parque Natural de Montezinho).

especies de maior colorido son do grupo das aves, como o policromático Abellaruco (*Merops apiaster*), ou a mediterránica Anduriña dáurica (*Hirundo daurica*), o accidental Gaio azul (*Coracias garrulus*), o mediterráneo Chasco Iouro (*Oenanthe hispanica*), a Águia cobreira (*Circaetus gallicus*), a Águia calzada (*Hieraetus pennatus*), a Papuxa carrasqueira (*Sylvia cantillans*), o Papamoscas cincento (*Muscicapa striata*), o Papamoscas negro (*Ficedula hypoleuca*), a Pica campestre (*Anthus campestris*)... Hai que suliñar a enorme cantidad de exemplares das especies Trigueirón (*Miliaria calandra*) e Laverca (*Alauda arvensis*), que enchen o ceo co concerto dos seus cantos. Tamén nomear a discreta presenza do Bufo real (*Bubo bubo*): estamos aquí, pois, perante o seu hábitat máis idóneo, con acantilados fluviais onde aniñar.

Perto destas paraxes tamén existen enormes soutos de castiñeiro centenarios, outro biotopo de enorme interese ecolóxico, fogar da Píntiga (*Salamandra salamandra* ssp. *gallaica*) ou da Avelaiona (*Strix aluco*), que é a rapina noiteira máis abundante do lugar, como dí o conto "un moucho en cada soto".

## IMPACTOS

Porén a tan importante diversidade biolóxica e paisaxística, esta zona fermeira e descoñecida, referente mediterráneo nunha Galiza atlántica, non posee ningunha medida de protección. A reforestación con especies alóctonas nas fortes ladeiras degradadas o ecosistema e erosiona o solo. A caza, masiva e non respetuosa, é case exclusivamente furtivismo nesta zona remota.



Souto de castiñeiro no outono.



Lagartixa rabuda.



Cornalleira, *Pistacia terebinthus*.

# O BALANÇO ELÉCTRICO DE GALIZA

Celestino Quintela

O passado 15 de junho, a economista Yolanda Zotes defendeu na Faculdade de Económicas da USC umha interessante tese de licenciatura. Intitulada "Revisión Crítica das Fontes Estatísticas do Sector Eléctrico, Ano 2000. O Balance Eléctrico de Galiza", nela revisarom-se os dados do sector eléctrico galego no ano 2000. As diferentes conclusons obtidas pola investigadora tenhem um grande interesse social e representam novos argumentos a favor dumha reformulaçom da política eléctrica no nosso país.


As estatísticas sobre o sector eléctrico (tanto estatal coma galego) som incompletas e inconexas, de jeito que delas nom se pode obter um balanço completo e umha visom global desse sector no nosso país. A investigadora sinalou que este obscurantismo na informaçom é premeditado: as empresas eléctricas querem agochar em todo o possível os dados de produçom, os balances energéticos e também os seus benefícios económicos.

Na Galiza nom precisamos da construçom de mais plantas geradoras de energia eléctrica, já que produzi-

**As perdas no transporte som moito importantes: em 2000 superaram ao total produzido por todos os parques eólicos existentes em Galiza no ano 2000 mais as centrais de biomassa**

mos electricidade abonda para cobrir as nossas necessidades e exportar mais dum 35% da produçom disponivel. Porem, a política governamental, que obedece aos interesses das empresas do sector, é a de aumentar ano trás ano a produçom eléctrica, privatizando os recursos naturais e provocando graves impactos ambientais e sociais. Por outra banda, este aumento na produçom nom implica o abandono de fontes de energia mais contaminantes, como as térmicas, se nom a simples superposiçom doutras fontes de electricidade.

As próprias empresas produtoras som as que mais energia estragam, tanto nas mesmas plantas produtoras como no transporte e distribuiçom; serva de exemplo o dado de que um 10,94% da produçom bruta de electricidade perde-se nas centrais produtoras e nas linhas antes de chegar ao consumidor final.




Cada dia son más as líneas de alta tensión que recorren o noso país.

O sector eléctrico instalado na Galiza conta com umhas instalaçons de transporte e distribuiçom obsoletas. Consequências disto som que 6 dos 18 cortes que se derom no ano 2000 na rede estatal de transporte

### **As empresas eléctricas querem agochar em todo o possível os dados de produçom, o seu balanço energético e também os seus benefícios económicos**

eléctrico afectassem á Galiza (cortes que supunherom o 60,5% de toda a Energia Nom Subministrada em todo o Estado nesse ano), ou que o nosso país seja a zona do Estado onde som mais elevadas as perdas por transporte e distribuiçom (um 10,69% da energia vertida à rede).

Estes dados indicam a mesquindade das empresas eléctricas, lançadas a um produtivismo sem límites, e a dumha administraçom que nom sabe ou nom quere por-lhe freio a esses pulos e obrigar às empresas a assumirem a melhora da eficiência dos processos produtivos da electricidade e reduzirem as perdas nas redes de transporte e distribuiçom.



## **A INVESTIGAÇÃO**

Trata-se de conhecer os benefícios que Galiza produze para as centrais eléctricas, e como casa isso com o deficiente subministro eléctrico que padecemos e a degradación do meio

A produçom total, que é de 27.226.594 Mwh ao ano, temos o seguinte reparto:

- O 51.3% chega ao consumidor final galego, a través da rede eléctrica: 13.968.143 Mwh
- O 4.1% consume-se de forma directa nas fábricas que tenhem centrais de cogeneración: 1.115.616 Mwh
- O 33.7% exporta-se ao resto do Estado espanhol e Portugal: 9.171.860 Mwh
- O 4.8% consume nas próprias instalações de geração (incluido o bombeio em centrais hidroeléctricas): 1.298.323 Mwh
- O restante 6.1% perde-se nas linhas eléctricas entre o intre em que a central eléctrica verte essa electricidade á rede e o intre em que é consumida nos fogares ou nas industrias: 1.672.652 Mwh.

Chegar a estes dados nom foi nada fácil, pero é um trabalho necessário para quantificar a produçom eléctrica galega, que nom figura publicada em nengures mais que de jeito parcial.

As duas últimas cifras indicam a energia que se perde. Em termos relativos, perdem-se case que 11 de cada 100 Mwh que as centrais eléctricas generam. As perdas no transporte som moi importantes, e em termos relativos superam ao total produzido por todos

os parque eólicos existentes em Galiza no ano 2000 mais as centrais de biomassa. Estas perdas nunca antes foram calculadas para Galiza, e som maiores ás do resto do Estado espanhol. Assi, sendo Galiza umha grande produtora e exportadora ao resto do Estado de energia eléctrica, as empresas eléctricas nom investem o suficiente nas redes de transporte e distribuiçom para evitar este estrago energético, que deveriam corrigir.

Mais difícil é ainda traduzir os Mwh a euros, porque o prezo da electricidade varia dia a dia, ou incluso hora a hora. Ademais, o regime especial tem primas sobre o prezo medio da energia de regime ordinário, de forma que os parques eólicos, as mini-hídricas (o regime especial hidráulico som as mini-hídricas) e as centrais de cogeneración e de biomassa estam subvencionadas.

As primas, que as estabelece o governo ano a ano, os ingressos que se leva Red Eléctrica no transporte, os derivados da venda da energia ao consumidor final, cada um com seu prezo, os custos de produçom... determinam os benefícios das eléctricas.

O seguiente objectivo da investigaçom é avaliar os benefícios que Galiza produze para as centrais eléctricas, uns ingressos que semelham moito elevados mas que nom estam a melhorar as condições em que o subministro eléctrico chega a moitas das nossas vilas e aldeias. Galiza sofre a cotoio um deficiente subministro eléctrico, ademais de ter que suportar umha industria eléctrica altamente contaminadora e com fortes impactos ambientais.





*"Loubado sexa Deus porque me permitiu  
nacer, medrar, facerme home e agora envellecer  
neste grande reino que chamamos Galicia (...)"*

Álvaro Cunqueiro

# PURIFICACIÓN MORANDEIRA

DIRECTORA DO COMISIONADO PARA O PRESTIGE

## "HAI QUE TENDER A UNHA MELLORA DOS MEDIOS DE SEGURIDADE MARÍTIMA"

Purificación Morandeira leva traballando desde o inicio da catástrofe do Prestige no Comisionado que o anterior Goberno creou ao efecto, do que era o número 2 da área de Medio Ambiente. Agora, co novo Goberno socialista, accedeu á dirección da Oficina do Comisionado. É polo tanto unha referencia para termos unha visión global de como se xestionou e como se xestionou o 'post-Prestige'. En resposta ás perguntas de Cerna, Purificación Morandeira valora o labor da oficina do Comisionado e a seguridade marítima das costas galegas.



- Co novo goberno, vostede pasou a dirixir a oficina. Valora este ascenso como un recoñecemento ao seu traballo?

- Non me corresponde a min indicar as causas que motivaron o meu nomeamento, pero é certo que o feito de ter traballado neste tema desde o principio fixome coñecedora da realidade das consecuencias do sinistro, e entendo que isto puido influir decisivamente na proposta do meu nomeamento. En calquera caso, agradezo a confianza depositada en mim para a importante xestión que teño por diante.

- O actual Goberno está a mostrar nas súas actuacións un afán conciliador e de busca da verdade. En qué se vai notar a diferencia de Goberno na Oficina do Comisionado?

- Desde a oficina do Comisionado tratamos de escuchar a tódolos sectores afectados pola catástrofe, asumindo, na medida do posibel, as ideas e comentarios que nos fan, o cal é unha tarefa difícil tendo en conta que a Administración se debe a tódolos cidadáns por igual e que, ás veces, os

intereses dos distintos afectados non son coincidentes entre si.

- A figura do Comisionado do Prestige en Galiza foi bastante controvertida socialmente, por que?

- A figura de Comisionado xurde nun momento concreto e nunhas circunstancias determinadas enmarcadas na catástrofe que estabábamos a sufrir e que afectaba a distintas comunidades autónomas e en distintos grados. A necesidade era que a Administración coordinara debidamente as actuacións, especialmente tendo en conta o modelo competencial que temos e que implicaba ás distintas administracións, desde a estatal, cos seus respectivos departamentos; as Autonómicas, tamén coas distintas consellerías e as representadas polos Concellos.

Por tanto, a cuestión está en extraer as debidas consecuencias desta experiencia, ou, dito doutro xeito, en averiguar se estamos suficientemente preparados e coordinados para abordar este tipo de catástrofes, áinda que todos esperamos que non se repitan. Se temos que ter aprendido algo desta experiencia, é a necesidade de que a Administración poida dar resposta á sociedade do xeito máis rápido posibel ante situacións coma esta, non sei se a través dun Comisionado ou doutro tipo de esquema organizativo.

- A Oficina do Comisionado encárgase das indemnizacións aos sectores economicamente afectados. Cómo está actualmente este tema?

- A realidade é que a Administración Estatal ven de aprobar un Real Decreto que modifica o anterior, que regulaba as indemnizacións antecipadas. A novedade máis importante é que o Goberno dotou presupuestariamente de

fondos suficientes o ICO para o pago das indemnizacións pendentes, e tamén acaba de crear un fondo de 3 millóns de euros para compensar o posibel descenso da productividade durante o ano 2004. En todo caso, estamos en permanente contacto con tódolos sectores afectados xa que eles son os principais prexudicados.

- Sen dúbida lévase traballado moito nestes meses. Cómo ven vostedes a situación actual do litoral?

- Creo que é razoabelmente boa. Efectivamente, lévase traballado moito pola recuperación do litoral ao longo deste período, é sería interesante continuar coa labor de respeito sensíbel polo litoral, que se está a facer a través do Ministerio de Medio Ambiente. Ademais, sería esperanzador que, como consecuencia desta catástrofe, espertara na sociedade a conciencia

**NUNCA MÁIS é absolutamente lexítimo, porque é unha expresión do Estado social e democrático de Dereito que se define na Constitución**

polo uso sustentábel da costa, especialmente dun litoral con tantos valores naturais como os da Costa da Morte.

- Cómo ve a relación do Comisionado con ONGs, Universidades e outros actores sociais?

- Desde a Oficina do Comisionado entendemos que unha decisión consensuada sempre será mellor que unha unilateral. Por iso, apostamos por unha relación e comunicación fluida cos sectores implicados na catástrofe, como pode ser o mundo da investigación e institucións privadas ou sen ánimo de lucro. A relación pode establecerse

desde diferentes vías que van desde a mera comunicación de feitos ata a colaboración práctica, pasando polo asesoramento puntual ou continuado. O que é evidente é que determinadas materias se prestan mellor a este tipo de encontros que outras, véxase a rexeneración medioambiental. En todo caso, mantemos diálogos fluidos con tódalas institucións e organismos que nolo solicitan ou que consideramos autorizados en determinadas materias, diálogos que consideramos fundamentais no noso quefacer diario.

- Qué opinión lle merece a mobilización cidadá artellada en Nunca Mais?

- En primeiro lugar, creo que todos coincidimos en que a mobilización centrada no lema Nunca Máis é a maior demostración de sentimientos que ten amosado un pobo. Sentimentos que tódos os que coñecemos a costa de Galiza compartimos porque realmente sentimos o que sucedeu e non queremos que volva a ocorrer. En todo caso, como

**Sería esperanzador que esperta-  
ra na sociedade a conciencia  
polo uso sustentábel da costa,  
especialmente dun litoral con  
tantos valores naturais como a  
Costa da Morte**

manifestación do sentir é absolutamente lexítima porque se sitúa dentro do marco constitucional que nos ampara a tódolos cidadáns e é unha expresión máis do Estado social e democrático de Dereito que se define na Constitución; todo isto á marxe de que poidamos estar ou non dacordo en tódalas cuestiós.



- Qué acertos e errores se cometieron na xestión posterior ao afundimento do Prestige? Se tivese que cambiar algo, qué sería?

- O tempo fará esa revisión crítica. En todo caso, o importante é traballar para a recuperación dos danos e prepararse para afrontar hipotéticas situación de risco.

- Ata cando estará a funcionar a Oficina? Qué previsións de futuro hai?

- A oficina continúa co traballo que ten en marcha e a decisión sobre o seu futuro será algo froito da meditación do Goberno actual, decisión da que agora mesmo non teño información.

- Imaxíñese, mes de novembro de 2005, un barco cargado con 77000 toneladas de fuel ten un accidente e anda á deriva fronte á Costa da Morte. Estaríamos preparados?

- Tódalas experiencias xeren un valor de coñecemento e moito más cando estamos falando dunha catástrofe desta magnitud. No que respecta á limpeza da costa, a capacidade loxística que se alcanzou tanto de medios humanos como técnicos vai ser difficilmente superábel e mesmo igualábel. Hai que pensar que a Costa de Morte ten a beleza que lle proporciona a súa propia inaccesibilidade. Neste senso, non só se superaron os obstáculos

senón que se sacaron grandes ensinanzas e uns protocolos de actuación valiosísimos, especialmente desde o punto de vista técnico, e exportábeis a calquera outra catástrofe similar. Desde esta perspectiva, é moi difícil que ese hipotético desastre non pudiera ser afrontado desde terra en menor tempo.

- Qué recomendacións lle fará ao Goberno en materia de seguridade marítima e loita contra a contaminación?

- No que respecta ao mar, o Goberno Central está a actualizar os medios de loita contra a contaminación marítima, innovando os xa existentes ou construíndo uns novos. Pero é obvio que esta dotación ten unha serie de prazos legais e de necesidade que compre agardar, e que hai que intentar mellorar.

Outro elemento favorecedor son algunas medidas de carácter lexislativo que se está a impulsar dende España a nivel europeo e internacional, xa que non debemos esquecer que as decisións que afectan á seguridade marítima non dependen dun só Estado senón de todo un conxunto de Estados con moitos intereses contrapostos.

En definitiva, creo que hai que tender a unha mellora dos medios de seguridade marítima, á delimitación das zonas más sensíbeis da costa que poderán resultar afectadas e a fomentar a investigación científica relacionada con este tipo de sinistros, e, sobre todo, a ter un protocolo de actuación para a coordinación dos medios da Administración a empregar en situacións similares.



# PRESTIGE VINTE MESES DESPOIS

## CONTINUA A PEGADA NEGRA DO CHAPAPOTE NA COSTA GALEGA

Martiño Nercellas Méndez\*

O chapapote segue presente en numerosos lugares da costa, lonxe do que vimos nas imaxes que deron a volta o mundo pero en cantidades que ainda supoñen un importante reservorio de contaminación e que debe ser retirado. A decisión política de por punto final ás labores de limpeza e restauración en setembro será un grave erro.

Son moitos os que pensan que o Prestige xa forma parte do pasado, e apenas se informa sobre o que foi e continúa sendo un dos maiores episodios de contaminación da nosa costa. Resulta máis que sorprendente a insistencia xeralizada dende a Xunta de Galiza en que aquí xa estamos igual que antes do Prestige, estratexia "avestruz" fronte a unha realidade na que só cabe recordar que os estudos científicos de episodios semellantes indican que a recuperación dos procesos ecolóxicos afectados son lentos e que as secuelas van ser evidentes nos próximos anos.

As tarefas de descontaminación proseguen en cantís, boleiras e varios areais, na Costa da Morte, Carnota, Corrubedo e Parque Nacional. En moitos dos casos, a retirada resulta moi complexa e necesitarase bastante máis tempo do que se prevé, se o que se busca é unha recuperación ecolólica satisfactoria. Finais de setembro é a data fixada para o remate da descontaminación e restauración, quedando pendente a aprobación de máis fondos no caso de se estimar necesario.

Visitados repetidamente os escenarios que na actualidade se atopan máis contaminados, e vista a lenta evolución na súa descontaminación e os medios que son necesarios, a decisión de reducir progresivamente as tarefas de descontaminación é pouco acertada, como o é a de fixar en setembro o punto final. Estas tarefas non deben entender de prazos de execución, e debe facerse comprender á sociedade e aos seus responsábeis políticos que unha catástrofe desta magnitud require de tempo e paciencia e sobre todo dun delicado traballo de descontaminación que axude a acelerar os procesos naturais de recuperación, integrando os obxectivos de retirar o máximo chapapote posibel e a preservación dos valores do medio afectado. Neste sentido, valoramos positivamente os esforzos e actitude mostrada polo Comisionado do Prestige nos últimos meses.



Arou, xuño de 2004. A costa galega segue a estar afectada.

Debería terse en conta a experiencia de catástrofes de magnitude semellante, que nos indican que só co paso de entre 10 e 20 anos se poderán recuperar os procesos normais de funcionamento dos ecosistemas afectados.

Unha terceira parte do fuel do Prestige, unhas 20.000 toneladas, atópase en paradoiro desconocido, "vixando libremente" ou sepultado baixo sedimentos. Polo tanto, e lamentablemente, vai ser inevitábel que nos próximos anos se produzan remobilizacións deste fuel, provocando chegadas puntuais de fuel e repuntes de contaminación. Os temporais e o tempo dirán!

Os adoquíns de fuel que se ian formar a 4.500 metros de profundidade agora flúen libremente cara as lanzadeiras de Repsol, unha tecnoloxía que roza a ciencia ficción e que a comezos de agosto 2004 xa retirara unhas 9.400 toneladas dos tanques de proa; esperase retirar outras 2400 toneladas, até un total do 90% do fuel existente nesta parte do pecio. A operación deixará as 1300 restantes, xunto ás 700 dos tanques de popa, que ficarán á espera de ser eliminados por medio da biorremediación ao longo de varios anos.

En praias coma o Rostro (Fisterra), Nemiña (Muxía) e Carnota retírase fuel a diario, e coincidindo coas mareas vivas deste setembro tentarase retirar con maquinaria galletas de fuel enterradas

**En praias de Fisterra, Muxía e Carnota retírase fuel a diario. Coincidindo coas mareas vivas deste setembro, tentarase retirar galletas de fuel enterradas no intermareal**

no intermareal. Debaixo de moitos coídos, en Camariñas, Muxía, Carnota, Corrubedo, séguese traballando para retirar fuel, e 20 meses despois continúan traballando equipos de hidrolimpeza. En cantís da Costa da Morte de difícil acceso comprobouse que o calor fai escorregar o chapapote polas paredes desprendendo un familiar cheiro a gasolina.

Chama a atención ver ao lado destes focos de contaminación a pescadores e mariscadores traballando indiferentes a esta situación. Tal vez esta despreocupación responda a que a propia Consellería de Pesca nega reiteradamente calquera posibilidade de relación causa-efecto entre a marea negra do Prestige e o descenso e afeccións sobre os recursos

do mar, poñendo todo tipo de cancelas para poder investigar obxectivamente os efectos do Prestige. Os grupos de investigación científica só apuntan, nunha linguaxe ambigua e sen querer mollarse, a que é cedo para facer valoracións que determinen esta posibel relación. É necesario que as investigacións de seguimento e avaliación dos danos da marea negra se realicen de xeito obxectivo, rigoroso, e independente, e que se facilten con recursos axeitados as investigacións no lugar de quitarlos, con vistas a facer frente e comprender mellor os problemas que poidan xurdir e non agardar a que o paso dos anos favoreza finalmente o esquecemento e alimamente a visión simplista de que as cousas suceden por que si.

ADEGA na actualidade está a visitar periodicamente os puntos de costa afectados e presenta continuas propostas e suxestións para os traballos de descontaminación e restauración. A contribución realizada neste último ano permitiu modificar substancialmente moitos dos proxectos e traballos que o Comisionado do Prestige realizou, entre eles a eliminación de accesos, cambios nas medidas de descontaminación, recuperación de varios ecosistemas dunares, ou programas de recuperación de flora e fauna ameazada.

Esta presencia continuada na costa tamén permite denunciar numerosas agresións ambientais, ademais de traballar en propostas de conservación e ordenación de espazos emblemáticos do



Martiño Nercells

O Rosto, setembro de 2004. Coincidindo coas maiores mareas vivas do ano estanse a realizar catas na busca do fuel enterrado no intermareal de areais como O Rosto (Fisterra) e Nemiña (Muxía). Esta actuación conlevou o uso de numerosa maquinaria pesada, curiosamente coincidiendo con temporal proporcionalmente importante remobilizacións que enchen estes dous areais de pequenas bolas de chapapote.

litoral, tal como a proposta feita ao concello de Camariñas e Costas para a transformación da pista do Cabo Vilán e Enseada do Trece nunha "pista verde" de 12 km; ou a proposta do Proxecto Pillara no Concello de Carnota, que pretende establecer unha estratexia para compatibilizar plans de conservación de especies ameazadas, como é o caso da píllara das dunas, con medidas de uso e implicación da sociedade e da administración.

No mes setembro comenzará a Subcomisión de Investigación do Prestige que durará 18 meses, e na que o Parlamento español pretende esclarecer as repercusións ecolóxicas e económicas da catástrofe. O feito de que naza coma unha "subcomisión" da pé a pensar que non existe moita vontade de remexer en todos os seus

pormenores. Pola nosa parte, tentaremos achegar toda a información da que dispoñemos, co ánimo de contribuir a esclarecer as responsabilidades de cada un dos

#### **Chama a atención ver a pescadores e mariscadores traballando indiferentes ao lado destes focos de contaminación**

axentes implicados na toma de decisións, co fin de que se aprenda e tome en serio esa ameaza constante sobre a nosa costa. Cinco mareas negras son motivo suficiente para pedir que Nunca Máis falten medios e políticas que eviten novos Prestige.

\* Martiño Nercells Méndez é Biólogo de ADEGA para temas do Prestige

An advertisement for the Natural Area of Baldaio. The top half shows a landscape with a cow in the foreground, a wetland area with water and reeds in the middle ground, and hills in the background. The bottom half has a blue background with white text. On the left, there is a logo for 'concello de CARBALLO' featuring a stylized tree or bush. The main text reads 'BALDAIO' in large green letters, followed by 'unha zona natural' in blue letters. The overall theme is environmental and natural.

# RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DA LAGOA DE LOURO

Amanda del Río Murillo e Vanessa Sánchez Ortega



O monte e a lagoa de Louro (ou Xalfas) forman un espazo natural de singular valor localizado no Concello de Muros. Este Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) está integrado na Rede Natura 2000, una rede de espazos para a conservación dos hábitats e especies más relevantes da UE.

A Fundación Global Nature (FGN) é unha entidade privada sen ánimo de lucro e de ámbito estatal. Os seus fins son a conservación, protección e ordenación do medio ambiente. A FGN e BP Oil España SA recibiron a aprobación e o apoio das administracións competentes (Consellería de Medio Ambiente e Concello de Muros) en setembro de 2003 para desenvolver un proxecto de tres anos que inclúe traballo e investigacións neste espazo natural.

Trátase dunha área dun incuestionábel valor ecolóxico e paisaxístico, onde coinciden zonas moi diversas: monte, praia, dunas, lago e ribeira. O Monte Louro e a Lagoa de Xalfas localízanse na parte exterior da cara norte da ría de Muros e Noia. Dende o alto do monte pódese contemplar o espazo agrario, hoxe abandoado, que conformado por antigos muros de pedra circunda a lagoa. Entre os hábitats existentes cabe destacar o cinto dunar de excepcional valor ecolóxico. Tras as dunas atopamos a praia de Area Maior, un areal de 1,5 km de longo e máis de 50 m de ancho nalgúns puntos.

## OS IMPACTOS AMBIENTAIS EN LOURO

Tras a catástrofe do Prestige, esta lagoa foi protexida coa construción dunha barreira que a mantivo illada da entrada de grandes cantidades de fuel, pero que á súa vez modificou as condicións naturais do equilibrio hídrico da lagoa (especialmente a súa salobridade) e con iso, as súas comunidades biolóxi-

cas. A comezos deste verán de 2004 retirouse completamente dita barreira por parte da Oficina do Comisionado do Prestige, a instancias da FGN.

Por outro banda, problemas anteriores ao vertido do petroleiro, derivados principalmente da presión turística, xa tiñan alterado o hábitat de especies como a pillara das dunas (*Charadrius alexandrinus*), unha ave que se atopa en perigo de desaparición en Galiza. Na área aparecen impactos agresivos como o tránsito cara a praia de numerosos veraneantes, e de especial agresividade resultan os ilegais percorridos de quads, motos e vehículos 4x4 entre as dunas, que destrúen la vexetación ao seu paso e alteran a xeodinámica da duna.

Existen tamén afeccións ao ecosistema relacionadas coa introdución de


especies exóticas e alóctonas, como as tartarugas de Florida ou mesmo os eucaliptus, que xeran problemas de conservación. E por último, o abandono das actividades tradicionais agrogandeiras ven de provocar a proliferación de toxos (*Ulex europaeus*, *Ulex gallii*), diminuíndo a biodiversidade e incrementando o risco de incendios.

## O PROXECTO DE RESTAURACIÓN

O proxecto da FGN xa está en marcha, e adícase a diferentes actuacións que pasamos a relatar.

### Estudo das condicións de conservación do humidal

Trátase de estudos sobre as condicións actuais, tanto dos parámetros físico-químicos como da súa biodiversidade. Incluen:



Xabier Vázquez


- Auga: estudo para establecer un diagnóstico da calidade ambiental dos recursos hídricos.

- Fauna: determinación da comunidade de aves terrestres, acuáticas e mariñas, mamíferos terrestres, anfibios e réptiles.

- Flora: estudo e caracterización das especies de flora a través dun estudio xeobotánico das comunidades vexetais presentes na lagoa e o seu entorno.

### Mellora da xestión e infraestructuras para o uso público

Trátase da recuperación dun antigo camiño en desuso como roteiro dotado con paneis interpretativos sobre os ecosistemas, así como habilitando infraestruturas para a observación de aves. Por outra banda instalarase un perímetro de protección arredor das dunas, consistente en cartelaría restrictiva que limite o acceso e axude a mellorar as actuais condicións de conservación. E por último realízanse actividades educativas para dar a coñecer á poboación os valores naturais da lagoa e o seu contorno, materializadas en campañas de diferente índole como a plantación



Xabier Vázquez

de especies autóctonas e publicación de material educativo e científico para diferentes sectores de poboación (escolares, adultos, etc).


### Manexo de flora e vexetación

O asentamento na zona de estudo de especies ou comunidades vexetais de orixe exótico ameaza a diversidade biolóxica (hábitats e especies) a través da exclusión da vexetación nativa,

posto que estas novas especies introducidas polo home colonizan hábitats abertos establecéndose como especie dominante. Entre as especies de flora exótica podemos citar a gramínea *Stenotaphrum secundatum*, que forma densas alfombras monoespecíficas desprazando a vexetación autóctona no perímetro da lagoa, ou *Hydrocotyle bonariensis*, que compite coa autóctona *Hydrocotyle vulgaris*. Por tanto levaranse a cabo en parcelas piloto actuacións de control destas especies alóctonas, revexetación con flora autóctona e control da vexetación arbustiva.

### Limpeza da lagoa

Á lagoa chegan inxentes cantidades de lixo arroxado ao mar desde os barcos en tránsito ante as costas galegas, así como lixo abandoado por visitantes sen civismo algúin. Retirar este lixo é un obxectivo importante e así xa en maio deste ano realizouse a primeira limpeza da praia e dunas con traballadores de BP que voluntariamente desprazáronse ata Louro para coñecer a área e colaborar no traballo.



### QUÉ HABÍA BAIXO A BARREIRA?

Na prensa galega o Conselleiro de Medio Ambiente, José Luís Barreiro, saíu retirando as barreiras construídas pola Consellería nas bocas das lagoas costeiras para protexelas da entrada do chapapote do Prestige, entre elas a de Louro. Foi unha retirada a medias posto que na entrada quedaban ainda grandes cantidades de pedras e, o que é máis grave, restos dos sacos de area, enterrados baixo a area compostos por rafia e plástico, extraídos grazas ao labor de ciruxia do Comisionado para o Prestige. En definitiva, un traballo a medias de cara á galería: a metáfora perfecta da política da Consellería. Agora só cabe preguntarnos qué está a ocorrer en Corrubedo ou na lagoa de Traba.

Xabier Vázquez e Martiño Nercellas

**LOURO**



Fundación 2001 Global Nature  
R/Capitán Haya, 23. Escada 2<sup>a</sup>  
Piso 9º Porta 2. 28020 Madrid  
[madrid@fundacionglobalnature.org](mailto:madrid@fundacionglobalnature.org)  
<http://www.fundacionglobalnature.org>



# TISÚ DE LURIZÁN: PULSO XUDICIAL ENTRE A FORZA E A RAZÓN

Antón Masa\*

Desde que o Consello da Xunta de Galicia tomou a decisión de aprobar pola vía de "incidencia supramunicipal" o proxecto de instalación dunha papeleira de papel "tisú" no complexo industrial de ENCE-CaixaGalicia na enseada de Lourizán (Pontevedra), a loita contra a consolidación e ampliación do citado complexo –que é unha constante desde o mesmo momento en que chegou á ría aló polos anos cincuenta– ten tomado un enorme protagonismo tanto na vida política como no eido xudicial na bisbarra pontevedresa.

En efecto, a pretensión de ENCE-CaixaGalicia e a Xunta de instalar de forma ilegal a papeleira en Lourizán pasando por riba dun Concello democraticamente eleixido por unha cidadanía que rexeita de forma maioritaria a actual ubicación do complexo ENCE-ELNOSA (pois esto e non outra cousa é o que supón neste caso a vía da "supramunicipalidade") ten provocado unha forte contestación social e unha morea de alegacións, denuncias e recursos xudiciais tanto desde as posicións contrarias á papeleira (Concello de Pontevedra e "Asociación Pola Defensa da Ría") como desde a propia empresa.

E non podía ser doutro xeito, pois o de CELULOSAS é o tema político de maior envergadura na zona e non deixa indiferente a ningúen. Trátase dun pulso político entre a Xunta de Galiza-Caixa Galicia (o seu brazo económico) e o Concello pontevedrés, entre dous modelos opostos de cidade e de desenvolvemento económico da bisbarra, entre o PP e o BNG en definitiva. A resolución final deste conflicto non é en absoluto indiferente.

Cando a Xunta declara o "interese social" do proxecto industrial de ENCE en Lourizán, está a conculcar todos os dereitos da cidadanía, e mesmo entra en contradicción coa lei cando no punto cuarto da súa orden exime a ENCE da preceptiva licencia municipal para as obras; en efecto, a exención da licencia municipal só se pode considerar para aqueles proxectos que, sendo tramitados pola vía da incidencia supramunicipal, "sexan promovidos pola propia administración", que non é o caso. Os recursos xudiciais contra tal decisión, promovidos desde o Concello e desde a APDR diante do TSXG, estaban dabondo xustificados, e mesmo a tramitación "como peza aparte" nos citados recursos do punto cuarto da citada orden, que

deu pé á decisión xudicial favorábel á nosa posición da "necesidade de licencia para o proxecto de papeleira". O desacato de ENCE á orden de paralización das obras cursada polo Concello non fixo máis que acelerar a xudicialización do tema e a paralización das obras por orden xudicial por espazo de tres meses.

Son varios, e de distinta consideración e alcance, os temas que se están a dirimir nestes momentos. En primeiro lugar, o que pretende ENCE, basicamente, é consolidar a planta de pasta de papel en Lourizán, duplicar a súa producción actual, e instalar unha fábrica de papel tisú que xustifique a súa permanencia na actual ubicación; de calquera outro xeito non se entendería a escasa producción proposta para a fábrica de tisú, que só transformaría o 5% da pasta producida. Tal e como reconece a propia empresa, a recuperación dos terreos que hoxe ocupan as balsas de decantación dos efluentes do complexo ENCE-ELNOSA é o único xeito

de poder instalar no interior do complexo a nova fábrica, o que obriga á súa vez a instalar un novo sistema para a depuración das augas residuais. Esta é a razón de incluir no proxecto a instalación dunha nova depuradora de augas residuais, un proceso intensivo que sustitúa as extensas balsas de aireación actuais.

Son precisamente as obras de instalación da nova depuradora as que foron denunciadas e inicialmente paralizadas tanto na audiencia provincial como no

**JORNADAS DE VERÁN**

**VIERNES**

- 18.00 h Chegada ao pavillón de durmida, na Avda. Che Guevara de Bastiagueiro
- 19.00 Recepción no Castelo de Santa Cruz, Oleiros, e visita guiada
- 21.00 Churrascada na sede da A. C. Lar de Unta, de Betanzos, monólogos humorísticos, festa e saída nocturna pola vila

**SÁBADO**

- 11.00 h Actividades deportivas na praia e roteiros en Kayak
- 14.00 Xantar no Parque José Martí de Santa Cristina
- 17.00 Visita á fábrica do Castro e Museu Maside Charla coloquio: Por un Estatuto de Nación para Galiza
- 19.30 Proxección dun filme no Auditorio da Fábrica, Oleiros
- 21.30 Mexillónada, Queimada con actuacións musicais e festa no pub Tío Way

**Domingo**

- 11.30 h Visita guiada ao casco vello de Betanzos
- 13.30 Cruceiro en barco polos Caneiros e xantar
- 17.30 Despedida

**17, 18, 19 setembro**  
**Oleiros - Betanzos**

Organizan:

GALIZA NOVA [www.galinova.org](http://www.galinova.org)

Concello de Oleiros

15 €

TSXG, que –como adiantamos– consideraba preciso a solicitude de licenza municipal para calquera das obras en cuestión, posición agora corrixida polo propio tribunal, que atende as alegacións de ENCE e argumenta que a depuradora, polo seu carácter de "obra hidráulica", está exenta de licencia municipal (Lei 8/2001 de calidad das augas das rías galegas). Esta última decisión, fronte á que non cabe recurso, lonxe de ser contraria aos nosos intereses, pode ter unha importancia fundamental nesta loita, pois diferencia de xeito nido entre a construcción da depuradora e o resto das obras relativas á fábrica de papel "tisú", que precisan da correspondente licencia. Invalídase así a declaración de incidencia supramunicipal do proxecto, xustificada pola Xunta precisamente en base á construcción da depuradora agora segregada do mesmo.

Pero con independencia deste aspecto, a instalación da depuradora abre varias vías de traballo que convén subliñar; en primeiro lugar, cabe preguntese: se a nova depuradora fai in-

### **Trátase dun pulso político entre dous modelos opostos de cidade e de desenvolvemento económico, entre o PP e o BNG en definitiva**

cesarias as antigas balsas, ¿por qué non recuperar xa eses terreos para o dominio público?, reversión xa solicitada polo Concello ao Ministerio de Medio Ambiente. Pero, ademais, a propia construcción da depuradora supón un cambio no uso definido na concesión inicial dos terreos a ENCE (para a fabricación de pasta Kraft), modificación que precisaría dunha solicitude previa ao Ministerio de Medio Ambiente, algo que nunca fixo ENCE ao longo dos cásique 45 anos de permanencia en Lourizán e que podería levar mesmo ao remate da concesión dos terreos antes da data fixada para a súa caducidade no ano 2018. Mesmo a xustificación desta depuradora en función da súa utilidade na protección do medio ambiente está en tela de xuizo.

Desde a APDR temos alegado contra a construcción da depuradora non só por seren unha tapadeira para os verdadeiros obxectivos de ENCE (a recuperación de solo industrial e a instalación da papeleira), senón tamén porque non vai cumplir coa lexislación vixente en materia de ver-



tidos; en efecto, como se pode ver no cadro adxunto, os obxectivos de calidad fixados para o vertido (establecidos no Convenio asinado en outubro de 2001 entre ENCE e a CPTOPV da Xunta de Galiza) incumpren os límites fixados no Real Decreto 509/1996 que desenvolve o Real Decreto-Lei 11/1995.

E temos alegado tamén contra a realización dos recheos das antigas balsas, non só pola propia composición dos fangos e as augas existentes nas mesmas (cunha elevada carga de metais pesados e compostos organohaloxenados), senón tamén pola utilización nestes recheos dos materiais acumulados ao longo da existencia de ENCE en Lourizán, depositados na chamada mina e para nada inócuos; acordo coas análises realizadas polo Laboratorio de Medio Ambiente de Galiza (Consellería de Medio Ambiente) atopáronse mostras con valores de pH de 12,25, contidos de 2,20 ppm de mercurio ou de 25.650 ppm

de aluminio, que desde logo desaconseillan a súa utilización como materiais de recheo. A contaminación polas augas de escorrentía semella asegurada.

Xa por último, e rizando o rizo da desvergoña, ENCE tenta consolidar a súa presencia na Ría máis alá do ano 2018 no que, como xa dixemos, caduca a concesión; ten solicitado, en efecto, ao Ministerio de Medio Ambiente a decla-

### **A posición firme dos Concellos da Ría vai ser fundamental, e tamén que o PSOE poña freo ás pretensións de ENCE-CaixaGalicia no que fai á Lei de Costas**

ración de "innecesariedade" dos terreos que hoxe ocupa para a protección do dominio público; dito doutro xeito, pretende que se declaren os terreos desafectados pola Lei de Costas, co que a concesión dos terreos podería verse pro-

|           | Previsións para a nova depuradora (Límites Convenio) |         | Límites Legais |
|-----------|--|---------|----------------|
| Parámetro | (kg/día)   | (mg/l)* | (mg/l)**       |
| DQO       | 9000   | 223,4   | 125            |
| DBO       | 2250   | 55,9    | 25             |
| SS        | 2250   | 55,9    | 35             |
| Fósforo   | 108  | 2,7     | 1              |
| Nitróxeno | 810  | 20,1    | 15             |

\*Para un caudal de 40280 m<sup>3</sup>/día. \*\*RD 509/1996

A nova depuradora, ademais de ser unha tapadeira, vai incumprir coa lexislación vixente en materia de vertidos.

DQO e DBO son medidas de contaminación por materia orgánica, e SS por partículas en suspensión.

rrogada de xeito indefinido. Neste particular, e no que fai á reversión dos terreos que hoxe ocupan as balsas e á posibel reversión dos terreos polo cambio de uso, é o Ministerio de Medio Ambiente quen ten a decisión última. A chegada do PSOE ao goberno central pode dar ao traste coas pretensiós de ENCE neste sentido, e todo fai pensar que non se vai dar a desafectación dos terreos, sen dúbida unha boa noticia para o movemento ecoloxista e un bo pao para os intereses de ENCE e CaixaGalicia.

A loita é xudicial, pero é evidentemente política; a posición firme dos Concellos da Ría que, agás o de Sanxenxo, se teñen posicionado claramente en contra de ENCE, vai ser fundamental, como fundamental vai ser que o PSOE poña freo ás pretensiós de ENCE-CaixaGalicia no que fai á Lei de Costas. En calquera caso o papel da sociedade civil, o papel da mobilización nesta tarefa, terá unha volta máis un valor decisivo, non só manifestando o seu apoio ás posicións políticas acordes cos deseños

**O que pretende ENCE é consolidar a planta de pasta de papel en Lourizán e duplicar a súa produción actual**

da maioría social, senón exercendo o controle e a presión precisa para que os poderes públicos (xudiciais e políticos) non muden estas posicións; hoxe máis que nunca é necesario amosar a forza dun movemento que non está disposto a ceder nos seus direitos, que exixe un modelo de desenvolvemento económico baseado na explotación racional dos recursos turísticos, pesqueiros e marisqueiros, que entende que o direito ao disfrute do medio ambiente e o lecer, á saúde e a calidade de vida son direitos irrenunciábeis. Sabemos que o enemigo é forte e poderoso, que conta ademais co apoio dunhas forzas sindicais ancoradas no pasado e que non son quen de defender outros valores que os do emprego industrial e ao propio empresariado a calquera prezo, pero somos conscientes tamén de que temos a razón e de que a inmensa maioría da poboación da bisbarra, desde os sectores produtivos da ría ata as asociacións viciñais, de consumidores... están coas nosas posicións; e esa é a maior garantía do éxito. Temos tamén a forza do "boicot" aos seus intereses económicos, e ímola utilizar.

\*Antón Masa é presidente da APDR



# O IMPOSTO GALEGO SOBRE A CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA

Maria Xosé Vázquez Rodríguez\*

No pasado mes de marzo unha sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) establecía que o Imposto sobre Contaminación Atmosférica (ICA) da Comunidade Autónoma Galega é legal e constitucional, en contra do recurso interposto polas empresas afectadas, que intentaban evadir de novo o pago baixo o argumento de inconstitucionalidade e discriminación respecto de empresas similares ubicadas noutras comunidades autónomas do Estado.

O presente artigo intentará explicar brevemente en qué consiste a imposición ambiental e, en concreto, os termos concretos de aplicación do ICA galego, aportando unha breve reflexión sobre o funcionamento deste instrumento económico á hora de mitigar o problema ambiental para o cal foi definido, as emisións causantes da choiva ácida.

## OS IMPOSTOS AMBIENTAIS

Os impostos ambientais son instrumentos económicos para corregir o exceso de emisións de determinadas sustancias contaminantes que xeneran externalidades ou costes externos negativos. En linguaxe económica unha externalidade é aquel coste de producción do cal unha empresa non se fai cargo senón que o traslada a outros individuos ou á sociedade no seu con-

**O obxectivo dos impostos ambientais é obrigar ás empresas a internalizar ou asumir os costes de producción ambientais, que están sendo trasladados a outros**

xunto. Por exemplo, as emisións de determinadas empresas causan choiva ácida e esta afecta a determinadas producións ou cultivos. Son os afectados, produtores agro-forestais ou a poboación na súa saúde, os que acaban asumindo os costes que lle corresponderían á empresa emisora, a cal debería introducir medidas de control das emisións ou cambios nos procesos productivos que minimizaran os gases residuais.

En presencia de externalidades, produce unha ineficiencia pois a empresa produce con costes irrealmente baixos e, polo tanto, os niveís de producción e, en consecuencia, de emisións, son excesivamente elevados. O obxectivo dos instrumentos correctores de externalidades e, en concreto dos impostos ambientais, é obrigar ás empresas a internalizar ou asumir estes costes de producción que están sendo trasladados a outros. Trátase de incrementar os costes de producción do causante da contaminación de

forma que se asuman os costes externos, é dicir, se pague polo deterioro ambiental causado, e se elimine a ineficiencia productiva.

Así, en presencia dun imposto ambiental a empresa ten a posibilidade de pagar o imposto, en función das súas emisións, ou ben introducir medidas para disminuir ou evitar as mesmas. A decisión que a empresa tome estará en función de cal das dúas opcións lle resulte más barata, o imposto ou os costes de control. O prezo ou tipo de imposto é pois, unha variábel fundamental a hora de cambiar conductas. Unha vantaxe adicional dos instrumentos impositivos fronte á regulación convencional baseada en estándares ou límites son os incentivos á diminución continua das emisións, pois sempre que

a empresa mellore a conducta ambiental existe un premio económico, o aforro de imposto, mentres que na regulación só existe incentivo para a empresa a cumplir o estándar fixado e aforrarse a sanción correspondente, pero non a continuar coas melloras unha vez cumplidos os límites de emisións fixados pola lexislación.

## A CHOIVA ÁCIDA, AS SÚAS CAUSAS E OS SEUS EFECTOS

Existe choiva ácida cando as medições de pH da choiva acadan valores inferiores a 5,6 (a acidez midese unha escala de 0 a 14). En Galiza, a natureza granítica xera acidez no solo, agravada polas abundantes precipitacións e polas repoboacións abundantes de piñeiro e eucaliptos, que son tamén acidificantes. En consecuencia, a situación de partida



é de especial sensibilidade a incrementos na acidez derivados da choiva ácida.

A principal causa de choiva ácida son as emisións de dióxido de xofre ou SO<sub>2</sub> (xunto dos óxidos de nitróxeno ou NO<sub>x</sub>). En Galiza calcúlanse en aproximadamente 370 empresas as que realizan este tipo

**En Galiza, 370 empresas realizan emisións ácidas, aínda que as centrais termo-eléctricas de As Pontes e Meirama achegan o 96% do total**


de emisións, aínda que os principais emisores son as centrais termo-eléctricas de As Pontes e Meirama, responsábeis de arredor do 96% das emisións totais. A central térmica de As Pontes (ENDESA) é a de maior potencia instalada do Estado Español – 1400 MW -. A central de Meirama (UNIÓN FENOSA) síguea de lonxe con 550 MW e a de Sabón con 470 MW. Segundo datos do Ministerio de Medio Ambiente (MMA) (2000) e Instituto Nacional de Estadística (INE) (2000) en Galiza xérانse o 30% das emisións españolas de SO<sub>2</sub> e máis do 8% de NO<sub>x</sub>, cando Galiza só conta co 7% da poboación española.

No Informe Dobris- presentado pola Axencia Medioambiental Europea en 1995- obsérvase como en termos relativos, o norte de Galiza aparece con elevados niveis de emisións de SO<sub>2</sub> (dióxido de xofre), deposicións ácidas e violación de niveis críticos de acidez, equiparábeis ós niveis dos países centroeuropeos, como Alemania ou o Reino Unido, moito más industrializados. No mapa 1, extraído deste informe, obsérvanse as superacións de niveis críticos.

Sen entrar nunha descripción pormenorizada das consecuencias da choiva ácida, existen efectos demostrados sobre os cultivos agrícolas e forestais, os cauces de auga, así como no deterioro de materiais de construción e na saúde humana. Son especialmente evidentes as defoliacións, decoloración e debilitamento do sistema inmunolóxico das árbores, especialmente carballos, castiñeiro, piñeiros e froiteiras, facilmente observábeis en zonas do norte de Galiza afectadas polas deposicións ácidas.

#### O ICA GALEGO

O ICA galego foi un dos impuestos ambientais autónomos pioneiros do Estado pois foi aprobado pola Lei



Superación de niveis críticos de acidez en Europa. Fonte: EEA (1995)

12/1995 e desenvolvido regulamentariamente polo Decreto 29/2000, que sustituiu ao regulamento inicial do Decreto 4/1996. Foi un dos poucos impostos ambientais definidos a nivel autonómico que non sufriu un recurso de inconstitucionalidade por parte do goberno central.

#### O ICA responde á aplicación estricta do principio "quen contamina, paga", internacionalmente aceptado

O imposto aplicase sobre as emisións de dióxidos de xofre e nitróxeno, SO<sub>2</sub> e NO<sub>x</sub>, procedentes da queima de combustíbeis fósiles e principais causantes do fenómeno da choiva ácida. Aqueles focos que emitían menos de 1000 toneladas de SO<sub>2</sub> e NO<sub>x</sub> ao ano están exentos de pagar o imposto o que claramente o dirixe cara a grandes contaminadores. A consecuencia de esta exención é que o ICA aplicase só a seis industrias: Endesa, Unión Fenosa, Repsol Petróleo, Aluminio Español S.A., Alumina Española e ENCE.

A tarifa ou tipo de imposto estipúlase por tramos, é dicir, incorpora un tipo variábel e crecente según o nivel de emisións. Así, para emisións entre 1.000 e 50.000 toneladas anuais o prezo é de 30 /tn e para as emisións superiores a 50.000 toneladas, o tipo é de 33 /tn. Respecto da recadación, esta é afectada, é dicir, destinase a un uso pre-estipulado no seu propio regulamento. Neste caso, o

95% dos ingresos utilizanse para financiar actuacións autonómicas de protección ambiental e conservación de recursos naturais, e o 5% restante alimenta un fondo para fazer frente a situacions de emergencia derivadas de catástrofes ambientais.

Dende que se aprobou o regulamento do imposto, as empresas eléctricas e Alumina Española recurrieron a Lei, os dous regulamentos (TSXG e Tribunal Constitucional) e veñen interpoñendo recursos periodicamente ás liquidacións, primeiro ante a Consellería de Economía, despois ante o Tribunal Económico Administrativo de Galiza e, finalmente, ante o TSXG. As empresas alegan que este imposto rompe o principio de uniformidade en todo o territorio nacional e é, polo tanto, inconstitucional. Ata o momento ningunha das instancias lles deu a razón pois tanto a Constitución coma o Estatuto de Autonomía recoñé-

#### O aumento da recadación indica que non se está cumplindo o propósito para o que foi definido o imposto

cen ás CCAA a posibilidade de establecer impuestos ambientais de ámbito autonómico. Ademais o ICA responde á aplicación estricta do principio "quen contamina, paga", internacionalmente aceptado como guía das políticas públicas de protección ambiental. É en aplicación deste principio, que o TSXG avisa

ás empresas de que non poden repercutir o imposto pagado sobre os consumidores. Finalmente o tribunal considera que o imposto xenera redistribución de recursos entre contaminadores e perjudicados, o cal é lexítimo pois a sociedade ten dereito a vivir nun medio ambiente de calidade.


## A EFICACIA DO ICA

Calquera análise do funcionamento deste imposto debe comenzar por observar a evolución da recadación dende a súa creación ate hoxe. A pesar de que este imposto é un dos que xeneran maior cantidade de ingresos para a Xunta de Galiza dentro dos impostos da súa categoría a nivel estatal, a repercusión sobre os ingresos totales da CCAA é moi pequena (por debaixo do 0,10% do PIB galego). Ademais, obsérvase o mantenimento da cantidad de recadación

### O tipo impositivo é baixo, e as empresas deciden pagar e continuar emitindo

do imposto, excepto entre os anos 1994 e 1996, nos que se produce una redución xeralizada nas emisións do sector eléctrico debido ao endurecemento da regulación europea que xerou cambios fundamentalmente nos combustíbeis utilizados.

Se o obxectivo do imposto é a diminución nas emisións, o aumento da recadación parece indicarnos que non se está cumprindo o propósito para o que



Liquidación do ICA entre 1996 e 2002 (miles de euros). Fonte: Elaboración propia sobre datos do Instituto Galego de Estatística

foi definido. Finalmente, existe unha crítica de fondo baseada no carácter transfronteirizo do problema a resolver, que pode converter a un imposto de natureza autonómica nunha medida insuficiente e facer más recomendábeis instrumentos definidos a nivel supranacional. Finalmente, o tipo impositivo é baixo pois non parece estar baseado na magnitud dos efectos causados e isto pode estar influindo determinantemente en que as empresas decidan pagar e continuar emitindo.

En definitiva, o ICA é un imposto ambiental aplicado a un problema real para a nosa comunidade, que incide nos

principais contaminadores, lexitimado pola normativa básica e con un obxectivo de clara xustiza social. Non obstante, a súa principal limitación é que está funcionando como fonte de ingresos para a administración pero non como incentivo á diminución das emisións, principalmente debido á baixa repercusión das cuotas a pagar sobre os costes das empresas. Socialmente é unha iniciativa loábel á que sería necesario analizar pormenorizadamente as súas limitacións e priorizar os obxectivos ambientais sobre os puramente recadatorios.

\*María Xosé Vázquez é Profesora de Economía Ambiental na Universidade de Vigo

## O FINANCIAMENTO DA SANIDADE E A REFORMA FISCAL VERDE

Recentemente algunas comunidades autónomas teñen iniciado reflexións sobre o financiamento dos servizos públicos e, en concreto, da sanidade. Algunhas delas levan consigo certa polémica como é o caso de Galiza, co imposto sobre combustíbeis.

Galiza, que xa foi pioneira establecendo un imposto sobre contaminación atmosférica, propón agora un instrumento que -polémicas aparte- está en sintonía coas tendencias que os países do norte de Europa, entre outros, veñen aplicando nas últimas décadas. Isto é, introducir impostos ambientais de elevado poder recadatorio e utilizar os ingresos procedentes destes impostos para sustituir impostos directos (coma o IRPF ou o Imposto de Sociedades), ben evitando incrementos nos seus tipos para manter ou incrementar a provisión de servizos públicos, ou ben permitindo reducións nos mesmos.

**Iniciativas como o imposto galego sobre combustíbeis deben ser apoiadas tanto dende un punto de vista económico coma ecolóxico**

O obxectivo é manter ou incrementar os ingresos das administracións públicas e ao mesmo tempo penalizar conductas socialmente dañinas, coma as que xeran contaminación, mentres se alixeiran cargas que tradicionalmente viñan penalizando as actividades económicas de individuos ou empresas que, en principio, son comportamentos social e económico positivos.

Isto é o que en economía ambiental se denomina "dobre dividendo" ou dobre beneficio dos impostos ambientais: o primeiro beneficio é a reducción de contaminación que xeran ao obrigar aos contaminadores a pagar polo seu uso do medio ambiente, e o segundo derívase da posibilidade de aumentar ingresos públicos ou alixeirar as cargas doutros impostos.

Neste sentido, iniciativas coma as da Comunidade Autónoma Galega deben ser apoiadas tanto dende un punto de vista económico coma ecolóxico.

8.500 LUMES ATÉ AGOSTO

# GALIZA ARDE UN ANO MÁIS

Xosé Veiras\*

Un ano máis, Galiza volveu arder. Segundo a consellería de medio ambiente, até mediados de agosto xa tiña habido 8.500 lumes forestais, cando a media anual está a ser duns 11.000. Os datos oficiais indicaban que a superficie quemada era de 29.000 hectáreas, mais a superficie real semella áinda maior, segundo denuncian axentes forestais. A visibilidade mediática dalgúns incendios fixo que un problema que segue a ser grave volvese ao centro da actualidade, polo menos durante algún tempo.

Neste ano de escasas precipitacións volvemos comprobar os límites da actual política autonómica de loita contra os lumes, curtopracista, centrada na extinción e moito más preocupada por ocultar perante a sociedade a persistencia e a gravidade do problema dos lumes


que por solucionalo. Na Xunta non preocupa, ou se asume como unha fatalidade, que no noso país acontezan a metade dos incendios de todo o territorio español e que sexa, xunto co norte de Portugal, a zona de Europa con maior densidade de lumes forestais.

ADEGA insistiu novamente na necesidade de que a Consellería de Medio Ambiente procure de verdade un amplio consenso social e político sobre a política forestal e de loita contra os lumes que implique a súa mudanza. Porén, o conselleiro de medio ambiente, Xosé Manuel Barreiro, respondeu a esta demanda de ADEGA e doutras organizacións con declaraciós nas que reduce a cuestión dos lumes a un problema de delincuencia, sen relación coas opcións en materia de política territorial, forestal e agraria. Para eludir responsabilidades políticas, ignora a existencia de causas estruturais e próximas dos lumes sobre as que a Xunta debe actuar para reducir o risco de incendios.

A negativa sistemática dos responsables políticos da Consellería de Medio Ambiente a debateren coas organizacións sociais críticas coa sua política forestal, por exemplo en ámbitos como os medios de comunicación ou o Consello Galego de Medio Ambiente, é unha actitude covarde e antidemocrática. Conscientes da dificultade de defenderen unha política fracasada, prefieren a propaganda e o control da información ao diálogo e á participación social.

## MÚLTIPLES CRÍTICAS Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Este ano choveron as críticas ao governo galego polo seu fracaso na loita contra os lumes. WWF/Adena ([www.wwf.es](http://www.wwf.es)) considerou escandaloso que na nosa terra haxa 55 incendios por cada 10.000 hectáreas forestais, 11 veces máis que a media do resto das Comunidades Autónomas. Alén de conceder un suspenso a Galiza en materia de investigación das causas dos lumes, sinalou que, polo que sabemos até hoxe, a maioría dos lumes se deben a queimas para o control do mato e a xeración de



O número de lumes ten aumentado. De 36.000 lumes nos anos 80 pasamos a 94.000 na década dos 90

pastos para o ganadería de uso extensivo.

O Colexio Oficial de Biólogos de Galiza salientou que "a tendencia natural de aumento da biomasa en mato, bosques e masas arboradas non leva asociada en paralelo unha mellor xestión para a prevención de incendios forestais".

A Plataforma Sindical de Axentes Forestais de Galiza (integrada por CCOO, CGT, UGT e CSI-CSIF e apoiada pola Asociación Profesional de Axentes Forestais) denunciou na primeira quincena xuño falla de reacción. "Se o risco de incendios hoxe é tan alto como no verán ¿por que non se adiantou o dispositivo de incendios?. Casetas de vixiancia a maioría inoperativas, moitas brigadas de prevención e extinción con só 2-3 compoñentes ao non cubrir as baixas por enfermidade ou accidente (as brigadas son de 7 compoñentes). Distritos Ambientais con 11 axentes forestais cando tiña que haber 18".

#### "DEFENDAMOS O MONTE, APAGUÉMOS O LUME. O MUNDO RURAL GALEGO EXISTE"

Nunha acción apoiada por ADEGA, Burla Negra ([www.burlanegra.org](http://www.burlanegra.org)) despregou o 11 de agosto unha pancarta desde o tellado da catedral compostelá co lema "Galiza arde. Goberno galego culpábel". Por outro lado, a proposta do BNG, un amplio conxunto de organizacións, entre as que figura ADEGA, promoveron o manifesto "Defendamos o monte, apaguemos o lume. O mundo rural galego existe". Nel demándanse da Xunta "políticas de desenvolvemento



Foto: S. Sánchez

É posíbel acabarmos coa catástrofe dos lumes, con esa "marea negra" que todos os anos tinxo de negro os montes do país

rural sostible que poñan en valor os nosos montes, que devolvan a xente, a vida, o respecto e o cuidado pola terra a tantas partes e territorios do noso país hoxe deixados a ermo, á soledade e á indiferenza".

O Comité para a Defensa do Monte Galego ([www.adegagaliza.org/comite-monte/index.html](http://www.adegagaliza.org/comite-monte/index.html)), plataforma de organizacións sociáis e políticas creada en Ourense en 2002 e á que pertence ADEGA, editou un folleto para axudar a divulgar as súas demandas. Estas resúmense na necesidade de promover unha ordenación e xestión sostible dos montes e en aproveitar ao máximo todos os instrumentos dos que dispomos para loitarmos contra os lumes e os seus efectos (investigación, preventión, persecución dos incendiarios, educación ambiental, extinción, restauración).

\*Xosé Veiras García. Vocal de Montes de ADEGA



Foto: S. Sánchez

#### AS ORGANIZACIÓN ECOLOXISTAS DEMANDAN CONSENSO SOBRE A LEI DE MONTES

A Consellería de Medio Ambiente vén de presentar a diversos axentes sociais un borrador de Lei de Montes de Galiza. ADEGA, a Federación Ecoloxista Galega (FEG) e a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) esixiron un debate social profundo para atinxir un amplio consenso para a aprobación dunha Lei que procure un equilibrio axeitado entre as funcións produtivas, sociais e ecolóxicas dos montes.

As principais organizacións galegas de defensa ambiental achán que un dos marcos para o debate sobre a Lei debería ser o Consello Forestal,

cuxa creación foi tantas veces anunciada como atrasada. Tamén achán que se debería debater no Consello Galego de Medio Ambiente.

En próximos números de Cerna seguiremos informando sobre o proceso de elaboración desta nova Lei, que viría a cubrir un importante vacío. A primeira iniciativa lexislativa popular presentada no Parlamento de Galiza, promovida hai 15 anos por diversas persoas e organizacións, entre elas ADEGA, foi precisamente unha proposta de lei de montes. A proposta non foi aceptada a trámite e seguimos sen ter unha lei propia de montes.

#### QUE PODES FACER TI?

-Desde a web de ADEGA ([www.adegagaliza.org](http://www.adegagaliza.org)) podes enviar unha mensaxe á Xunta reclamando unha estratexia eficaz e sustentábel de loita contra o lume.

-Infórmate sobre posíbeis mobilizacions na axenda da nosa web.

-Se ves un incendio, avisa ao teléfono 085.

-Se descobres a alguén prendendo lume, denúncialo ás forzas de seguridade. Desde a web de WWF/Adena ([www.wwf.es](http://www.wwf.es)), escribe ao Fiscal Xeral do Estado para que os causantes dos lumes non fiquen impunes.

Murguía, Revista Galega de Historia, publicación editada pola Asociación Galega de Historiadores, ven de cumplir o seu primeiro aniversario.

Durante un ano Murguía saíu cada catro meses grazas a centos de persoas e institucións que fixeron posíbel este feito como subscriptores/as e lectoras/es...

O vindeiro número, que estará nas librarias na segunda quincena de setembro, será un monográfico arredor da historia da música en Galiza.

Colabora coa recuperación da memoria histórica do noso país.

Subscríbete!

Nome: \_\_\_\_\_ Apelidos: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Localidade: \_\_\_\_\_ CP: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_

Solicito: Subscrição  Mais Información

Enviar á Asociación Galega de Historiadores/as: Apartado de Correos 755 15.703 Compostela (GZ)  
ou secretaria@revistamurguia.com ■ Teléfono 687.59.46.18

música.  
corrido histórico

Por só 23 € /ano


un número cada 4 meses na túa casa!

4

[www.revistamurguia.com](http://www.revistamurguia.com)

Polo que pasou, polo que pasa,

polo que poida pasar. O mellor, poñer



Agora, más que nunca

"HOY POR HOY" Iñaki Gabilondo 6:00 a 12:30 h.

a Iñaki Gabilondo. A radio cambia.

Pero Hoy por hoy segue onde sempre.

Agora máis que nunca. Cadea SER.

A boa radio.

CADENA  
**SER**

A CREDIBILIDADE do N°1

[www.cadenaser.es](http://www.cadenaser.es)

# TÓXICOS NO FOGAR

Virginia Rodríguez e Ramsés Pérez

Os Produtos tóxicos e perigosos están cada vez más presentes nas nosas vidas. O seu uso pode ter consecuencias graves para a nosa saúde e a contaminación do medio ambiente. É urgente saber recoñecelos, e reducir o seu uso ou como substituilos por produtos da gama ecolólica ou de fabricación caseira. Os autores danche aquí algunas pistas.

## 100.000 SUBSTANCIAS QUÍMICAS COMERCIALIZADAS

No día a día estamos continuamente expostos a multitud de produtos tóxicos presentes tanto na nosa casa como no lugar de traballo. Podemos atopalos na cociña, no baño ou en calquera outro espazo, en mobeis, alfombras, colchóns ou paredes, así como nas pilas, nos produtos de limpeza, desatascadores, insecticidas, etc. Sen obsesionarnos, sería convinte para a nosa saúde, a das persoas que nos rodean e a do medio ambiente, que lle botásemos unha ollada polo miudo a nosa casa.

As pinturas das paredes, colchóns, sofas poden liberar ao aire compostos orgánicos volátiles como son os derivados do etileno, ou os insecticidas empregados na fabricación dos mobeis. Unha mala aireación incrementa a súa concentración no interior da vivenda. Disolventes, vernices, aerosois, medicamentos, pegamentos, desatascadores, limpaforños, insecticidas herbicidas, decapantes... son uns poucos produtos, da longa lista dos tóxicos que se empregan habitualmente. A estes hai que sumarles os que se pueden atopar nos cosméticos (pintalabios, champús, desodorantes, espumas,...). Existen actualmente máis de 100.000 substancias químicas sintéticas no mercado e cada ano engádense outras 1.000 máis. Entre 100 e 200 produtos perigosos pódense atopar hoxe nunha casa dos países occidentais, e boa parte destes están xa presentes no noso corpo.

## AFFECCIONES EN TODO O SEU CICLO DE VIDA

A meirande parte dos produtos tóxicos son moi contaminantes e perjudiciais na súa orixe, causando problemas ambientais e de saúde para as /os traballadores/as, desde a súa estracción en canteiras, minas, con vertidos a ríos, etc. Causan dores de cabeza, problemas respiratorios, ou problemas más graves como cancros.... tanto a traballadores como logo aos usuarios, sendo os fetos,

bebés e nenos/as os más vulnerabeis, ao estaren expostos xa no útero a maiores concentracións de sustancias químicas.

O uso dalgúns destes produtos non "debería" supoñer riscos cando se empregan de maneira axeitada, dacordo coas recomendacións da etiqueta. Outros produtos, pola contra, son perigosos de por si, polo que se deberían de prohibir. En todos os casos, unha vez empregado o producto, debe gardarse atendendo a determinadas precaucións.

Un mal uso ou mal almacenamento pode ter consecuencias na nosa saude, contaminando a auga e danando a fauna e flora.

## AS PROBAS DE TOXICIDDE: TESTAR CON ANIMAIS

Para a elaboración dos produtos tóxicos, téstase con animais nunhas condicións eticamente moi discutibeis, evitables e innecesarias a estas alturas do "progreso", que só se pueden entender como froito do negocio, a avaricia e o desprezo a vida e ao sufrimento doutros seres e do medio ambiente en xeral.

Realízanse ensaios de mortalidade con animais e lánzase o producto ao mercado. A información é sempre parcial e o experimento segue con nós. No

caso de haber accidentes, enfermidades ou mesmo mortes, o produto investigárase máis. Nalgúns casos sancionarase a empresa e ate pode que se lle obrigue a pagar unha indemnización.

A este respecto, hai que ter en conta que os efectos nas persoas estimanse para un prototipo de home adulto, san, de 70 kg de peso. Así, para embrions, nenh@as e moitas mulleres, os efectos serán más intensos e graves que os declarados.

## COMO DESFACERSE DESTES RESIDUOS

Comparados cos residuos en xeral, estes produtos son unha parte moi pequena, pero a sua perigosidade é enorme. As pequenas cantidades xeradas nunha vivenda súmanse ás xeradas noutra e, en conxunto e combinados, poden chegar a producir verdadeiras "bombas". Demasiadas veces van a parar ao desague, o que dificulta o tratamento das augas residuais nas depuradoras e contamina os lodos. Cando se tiran ao lixo, acaban en vertedoiros e contaminan os solos e a auga, ou na incineradora, na que se liberan a atmósfera ou xeran sustancias todavía máis perigosas, froito da combustión, como son as dióxinas ou furanos.



O tratamento destes produtos en plantas de reciclaxe é moi difícil, e na práctica inviábel. O mellor xeito para desfacernos destes produtos é levalos a un Punto Verde ou Punto Limpo.

## QUE FACER?: COÑECIMENTO, REDUCCIÓN EN ORIXE E ALTERNATIVAS

Moitos destes produtos mostran unha baixa eficacia. Algunxs ambientadores no lugar de limpar o aire como nos din na súa publicidade, o que fan é atrofiarnos o nariz mediante produtos químicos como o xileno ou o etanol. Airear a casa dez minutos, é suficiente, natural e gratis. Mas as posibilidades de acción son muitas. Ti podes:

- Apoiar; campañas como a que Adega está a desenvolver xunto con outros colectivos de Europa, "Por un futuro libre de tóxicos" [www.adegagaliza.org](http://www.adegagaliza.org).

- Participar na construción dun planeta máis saudábel e seguro. Hai diferentes maneiras: asociacionismo, Axen-

da 21 Local, etc). Adega-Compostela como membro da A21 Local do Concello de Santiago de Compostela, presentou unha proposta para que se eliminaren os produtos tóxicos na limpeza de dito Concello, e que se incluisen na contratación de servizos municipais unhas cláusulas que garantan.

- Educar permanentemente a toda a sociedade para que sexa responsable das súas accións, aos nenos e nenas para que desde cativos recoñezan estes produtos e os eviten ou sustitúan, e aos adultos para que tamén o fagan, xa que son estes quen os merca.

Na túa casa, pensa se:

- Realmente precisas ese producto?, prescinde do seu uso se che é posíbel ou utiliza outro menos contaminante.

- Se o precisas, reduce o seu uso. Algunxs dos produtos poden empregarse en pequenas cantidades, mercalo na medida xusta é a mellor opción, reducirás residuos tóxicos.

- Se podes sustituir ese produto por un de gama ecolóxica: evitarás danos a túa saúde e ao planeta e apoiarás a produción verde.

- Se dispóns de tempo, podes fabricar substitutos caseiros aos produtos tóxicos. As receitas para un limpador e un abientador que acompañamos son só algúns exemplo.

## EDUCACIÓN AMBIENTAL E PRODUCTOS TÓXICOS

Adega ven realizando actividades de educación ambiental relacionadas co consumo e uso de produtos tóxicos. Consisten no recoñecemento de produtos tóxicos habituais (pegamentos, limpidores, cosméticos,...), e na análise dos contidos das etiquetas e do significado dos seus pictogramas, mediante unha ficha de traballo. Móstranse produtos alternativos de gama ecolóxica (disponíbeis no mercado) e realizase un obradoiro de fabricación de varios produtos caseiros non contaminantes.

## PRINCIPAIS USOS DE PRODUTOS PERIGOSOS E ALTERNATIVAS

| Produto                   | Compoñente perigoso                              | Propiedades perigosas | Alternativa ou sustituto                                      |
|---------------------------|--|-----------------------|---|
| Lixivia                   | Peróxido de hidróxeno e hipoclorito sódico       | Tóxico e corrosivo    | Vinagre ou bicarbonato (media taza)                           |
| Batería (coche)           | Chumbo e ácido sulfúrico                         | Tóxico e corrosivo    | Camiñar ou ir en bici   |
| Limpadores (baño, cociña) | Ácido oxálico ou murátrico, hipoclorito cálcico. | Irritante e corrosivo | Bicarbonato, deterxente suave e Ecolimpo (ver receita noadro) |
| Herbicidas                | 2-4-D, glifosato, prometón                       | Tóxico                | Desherbar a man, acolchar, etc                                |
| Insecticidas              | Naftaleno, p-diclorobenceno                      | Tóxico                | Birutas de cedro, flores de lavanda, tomelo                   |
| Vernices e pinturas       | Clorofenois, hidrocarburos, alcoholes, xilenos   | Tóxico e inflamábel   | Aceite de liñaza, vernices a auga, pigmentos naturais         |

## RECEITAS

### ECOLIMPO

- |                         |                      |
|-------------------------|----------------------|
| -vinagre de viño branco | 80% (200 ml)         |
| -alcohol de 96 °        | 18% (45 ml)          |
| -aceite esencial        | 2 % (200 gotas=5 ml) |



Sobre os 45 ml de alcohol etílico do 96 % engadimos as 200 gotas da esencia elexida (limón, piñeiro, mazá, etc), e a continuación mixturámos con 200 ml de vinagre de viño branco. Xa tes o teu Ecolimpo pronto para utilizalo !!!

### AMBIENTADOR

Sobre unha superficie porosa (madeira, bugallo), inxecta ou verte o aceite esencial natural que deseñas, e xa tes o teu ambientador, támén pode ser un repelente de mosquitos se empregas a esencia axeitada (alfádega, lavanda, etc).

Para coñecer outras receitas, visita a páxina web de ADEGA: [www.adegagaliza.org](http://www.adegagaliza.org)





# A CULTURA COMO FICCIÓN POLÍTICA

Carlos Santiago\*

O pensador alemán Peter Sloterdijk afirma nalgures que vivimos nun estado de revolución crónica. É dicir, nun mundo onde todas as enerxías sociais aparecen mobilizadas, nun proceso acelerado de actualización permanente. Non existiría por tanto, no nosa época, unha reserva de enerxía cívica que puidese ser activada en momentos decisivos. No último ano e medio a xente da Galiza tentou dalgún xeito contradicir

**En Galiza hai democracia, como afirman os medios de comunicación, pero non existe, como case todos sabemos**

esta idea. No noso imaxinario cultural participábamos, ata hai case dous anos, dunha visión de nós mesmos cativa e pesimista. Éramos, segundo este mito, unha sociedade conservadora e inmóvil, pura enerxía fósil incapaz de combustións transformadoras e por que non, revolucionarias. Pero tamén, e por esta mesma razón, a necesidade de revolución, ou de cambio, por usar o célebre cinismo socialdemócrata, formaba parte do noso inconsciente colectivo. No hori-

zonte mental do pensamento de esquerdas en Galiza, a revolución aparecía como unha deusa anceiada pero irónicamente diferida cara a un futuro impossíbel. Cando falo de "revolución" simplemente fago referencia a ese soño tan frecuente nas nosas cabezas que nos permite imaxinar un día no que Galiza poda abandonar o estado fósil no que se atopa dende hai, digamos, setenta anos, e reingresar no dominio da química orgánica. É dicir, o acceso a un estado que poda ser descrito, sen elevados riscos para a dignidade, como unha democracia.

Aproveito para lembrar, neste contexto tan oportuno, que en Galiza a democracia non existe. Comprendo que isto poda parecer a típica arroutada más propia dunha conversa de bar ou dun espectáculo de cabaret que dun "foro da verdade". Pero precisamente se a miña presencia nesta mesa\* se xustifica dalgún xeito é porque a miña maneira de pensar forma parte dunha cultura do bar e do cabaret como espazo político, en realidade un dos poucos espacios no país que ainda merecen semeillante apelativo. E no bar, no cabaret, ou

na rúa, que é outra forma de dicilo, a idea é que en Galiza hai democracia, como afirman os medios de comunicación, pero non existe, como case todos sabemos. Como demostración da veraci-

**A explosión civil sorprendeunos a todos por igual laborando no noso respectivo minifundio, e só despois de abrirmos os paraugas por primeira vez no Obradoiro, decatámonos do nacemento no país dunha nova perspectiva sobre a realidade**

dade desta hipótese tabernaria, abonda dicir que durante o último ano e medio o traballo experimental dunha boa parte da sociedade galega foi vanguarda, en canto a métodos e proxección social, na loita civil encetada en todo o estado español contra a degradación do ecosistema político. Loita civil que tivo como último episodio esa pequena revolución popular que remató co sorriso imperial do Señor Aznar. Porén, mentres este traballo vén de render un froito aínda incerto no cambio de goberno no Esta-



Alberto Sánchez



do, en Galiza ainda temos que aturar a permanencia climática do cripto-franquismo, por usar a expresión doutro filósofo, esta vez galego e tamén tabernario, chamado Quico Cadaval.

Mesmo así, a protesta civil nacida durante a crise do Prestige, pode ser interpretada, en principio, como unha superación dese mito da "revolución imposible" que tradicionalmente relataba a parálise social e política da nosa sociedade. Un relato, polo demais, inte-

**A cultura do minifundio mental tivo no Prestige un inesperado colapso: os galegos e as galegas botaron man do case esquecido sentido de comunidade para facer fronte á situación, chegan-do a substituir ao Estado por completo**

riorizado pola esquerda política do país e que cumpría a función de todo mito: a reproducción simbólica da orde social como estado natural inmutábel. Segundo a súa formulación, por exemplo, e más alá de toda ironía, a inmortalidade de Manuel Fraga atinxiría no imaxinario da esquerda galega o estatuto de realidade incuestionábel. Isto pode soar coma un delírio porque exactamente é o que é. Perante un inimigo biolóxica e políticamente imbatíbel, a esquerda oficial e oficiosa podía xustificar ata hai ben pouco tempo a ineficacia ou carentia de discurso e de proxecto político real en Galiza e acomodarse nun territorio hostil, sen máis ambición que a de litigar polas sobras da tartá autonómica, esa concesión administrativa que lle

permite á dereita empregar a palabra "democracia" en Galiza sen rubores demasiado escandalosos. Como sempre acontece nestes casos, a revolta civil sorprende aos nosos políticos no despacho a limar as uñas e a experimentar novos peiteados más acordes ao cálculo político-electoral do momento. En realidade, a situación desenvolveuse de xeito tan extraordinario que a explosión civil sorprendeunos a todos por igual laborando no noso respectivo minifundio e só despois de abrirmos os paraugas por primeira vez no Obradoiro decatámonos do nacemento no país dunha nova perspectiva sobre a realidade. Sen comelo nin bebelo, o Prestige fixolle á sociedade galega un fillo polas costas, nunca mellor falado. Un fillo que poderíamos chamar autoconciencia, en terminoloxía un tanto marxista, ou consciencia civil, en terminoloxía un chisco más posmoderna. En calquera caso, miles de persoas situámonos na rúa cunha demanda concreta: a de que os nosos dirixentes deixasen de nos tomar o pelo impunemente, que é o que exactamente significa a palabra "dignidade". E fixémolo botando man dunha reserva de enerxía social nunca antes mobilizada. Precisamente toda esa enerxía acumulada no mito da revolución imposible, que por unha banda sempre nos presentaba a revolución ou o cambio como unha necesidade imperiosa e por outra, difería a súa posibilidade no tempo por mor do noso teimudo carácter conservador e pasivo. É así que os mitos caen polo chan, por un exceso de enerxía acumulada e unha anomalía catastrófica no límite. En concreto este mito, un dos mitos fundamentais nos que o poder amarra a súa malla de rela-

cións sociais en Galiza, estourou Á causa dun desfase cultural no campo electro-magnético da galeguidade, entendendo por tal o conxunto de mitos, relatos e ficcions que nos manteñen ligados, por fóra ou por dentro, a este territorio chamado Galiza ou Galicia, segundo o gusto.

A catástrofe do Prestige pode ser entendida, seguindo este razonamento, como unha conmoción cultural, no sentido de que a cultura galega, en canto modo de vida, tal e como era interiorizada pola maioría social e celosamente mimada polo poder político, era unha ficción completamente desfasada e indefensa perante os riscos e desafíos da

**O poder leva setenta anos traballando na deconstrucción cultural de Galiza... un horizonte onde tivo lugar a transfiguración do xugo e as frechas no emblema más actual do asfalto e o ladrillo: o Plano Galicia**

globalización neoliberal. A ficción cultural que moita xente sostiña co seu voto ou contravoto, revelouse incapaz de garantir a defensa e preservación do mar, un medio fráxil que tradicionalmente, e conforme a todo o noso imaxinario simbólico, forma parte da nosa "alma" ou "esencia". Ficción cultural onde se anoaban entre outros, mitos tan decisivos como este da revolución imposible, o da natureza reactiva dos galegos, e o da inmortalidade totémica do noso presidente. Unha ficción que se pode describir, sen temor a equivocarnos, como cultura do minifundio mental

e que tivo no Prestige un inesperado colapso. Isto explica en primeiro lugar por que os galegos e as galegas botaron man do case esquecido sentido de comunidade para facer fronte á situación, chegando a substituir ao Estado por completo na xestión inicial da catástrofe. Para comprender este fenómeno na súa auténtica dimensión hai que lembrar que o poder leva setenta anos traballando na deconstrucción cultural de Galiza, nunha curiosa e sintomática apropiación de metodoloxías posmodernas ao servizo dun programa tan ruin como nefasto. E isto lexitimado por un electorado que, segundo a teoría clásica da cultura galega, garda o tarro das esencias daquilo que só ironicamente podemos denominar galeguideade. Esta é unha paradoxa que xa ninguén

### **Atopámonos nun mundo duro e difícil, un mundo onde todas as ficcóns culturais foron reducidas a unha única: a do capitalismo como estación terminal da especie**

entre nós parece capaz de explicar racionalmente, se cadra porque se sitúa nun horizonte mitolóxico a un tempo pre e posmoderno. Premoderno en canto é un horizonte trazado xenealoxicamente sobre a vella tradición antilustrada española, a mesma que en tempos non tan lonxanos postulaba a unidade de destino no paternalismo universal. E posmoderno porque no repregue do proxecto ilustrado das últimas décadas en toda Europa, políticamente representado no Estado español polo período socialista, esa tradición atopou un terreo abonado para reformatear o seu software ideolóxico nun contorno actualizado. En poucas palabras, o horizonte onde tivo lugar a transfiguración do xugo e as frechas no emblema más actual do asfalto e o ladrillo. Sen dúbida os grandes teóricos europeos da posmodernidade atoparían no Plan Galicia material abondo para interesantes e anovadas reflexións. Suxiro que alguén lles envíe unha copia.

Exactamente, no caso galego, esta transfiguración foi posibel pola progresiva apropiación simbólica por parte do poder político, da identidade cultural de Galiza, tal e como foi formulada polo galeguismo clásico. O esencialismo de Pondal ou de Castelao deviu deste xeito no cinismo de Fraga e Pérez Varela, un cinismo que fala por si mesmo nos escenarios onde o poder adoitaba e ainda

adoita representar esta farsa, tales como o Luar, o Xacobeo e tamén, por que non dicilo, o Centro Dramático Galego, só por citar tres palcos senlleiros desta deconstrucción cultural da que fallo e nos que Carmiña Burana, despois de cada marea negra, aínda pode continuar a exclamar: *the show must go on*.

Convén deterse un segundo nesta operación e na súa crise mitolóxica a partir do Prestige, porque tal vez nela radica ese nó gordiano que a esquerda do país, tanto a nacionalista como a estatalista, debería ter a coraxe de cortar algún día destes, só por nos ofrecer aos ciudadáns a oportunidade de respirar un pouco de ar libre.

Para iso gustariame citar de novo a Peter Sloterdijk, un filósofo, que como se ve, me mola mogollón. Sloterdijk afirma, nalgúnha outra parte, que hoxe en día non cabe xa pensar nunha teoría da cultura que non sexa consciente da existencia de ironías fundamentais. A cultura, segundo isto, sería esa ficción que somos nós mesmos e que nos permite vivir dunha maneira mínimamente soportábel. Somos, en palabras deste autor, animais finxidores condenados a descubrir as súas propias ficcóns, e por tanto a arranxar maneiras de convivir con descubrimentos difíciles e insoportábeis. Despois da posmodernidade e dos seus frívulos malabarismos conceptuais, que durante as últimas décadas se entretivo en deconstruir, desdramatizar e falsar as vellas ficcóns emancipativas, como a revolución ou a sociedade sen clases, atopámonos nun mundo duro e difícil, un mundo onde todas as ficcóns culturais foron reducidas a unha única: a do capitalismo como estación terminal da especie. É en nome desta ficción que se liquidan os tesouros culturais da humanidade, os caudais de sabedoría acumulada na adaptación a un territorio hostil: a superficie dunha enorme rocha perdida no universo e que dá voltas arredor dunha bola incandescente. Ningunha cultura é impune a esta ficción única, a esta epidemia planetaria, por utilizar as palabras de William Burroughs, dese virus letal chamado dollar. Un virus que replica en todos os organismos culturais do globo terrestre a cara de George Washington e o seu lema asociado: *In God we trust. But God is the Gold*, que dirían os Sex Pistols.

A nosa pequena e forte cultura, que todo hai que dicilo despois de facer sobrevivir unha lingua durante quiñentos duros anos, non é unha excepción.

Tal vez os máis incrédulos, que lemos todas esas cousas posmodernas tan interesantes, sabemos que a verdade non existe e que a toda esperanza lle segue sempre un desengano. Pero ninguén dixo que as ficcóns, sen ser verdadeiras nin duradeiras, sexan inútiles. Precisamente a súa utilidade radica en que nos permiten subsistir nese ciclo permanente de esperanzas e desengos.

**Hoxe temos neste recanto da península ibérica unhas poucas e útiles conquistas, algunha sabedoría gañada... algo que nos deixa este ano e medio: un conxunto de relacións humanas e un traballo colectivo cun obxectivo común**

nos que é a vida. O Prestige abriulle os ollos á sociedade galega a unha experiencia cultural difícil, tal vez a experiencia do final dun ciclo e o comezo doutro, aínda é pronto para saber se isto foi un divorcio ou só unha discordia matrimonial, e incluso se ao final hai trasacordo. Persoalmente creo que esta crise fixo colapsar unha ficción cultural construída pola nosa xente a principios do século XX e fundada na esperanza de que o país tomase as rendas do seu propio destino para modernizarse e mellorar as súas condicións de vida. Unha ficción que tivo un longo devalo de decepción a partir do ano 36 e que como xa dixen foi deconstruída culturalmente nun proceso onde a represión



Alberto Sánchez

primeiro e o cinismo despois fixeron o traballo duro.

Agora ben. A crise do Prestige deixa escrito, gravado, versificado, deseñado, musicado, filmado, fotografado e esculpido o testemuño de que Galiza posúe unha autoconsciencia, de que os mitos reactivos, pasivos e pesimistas poderían non corresponderse xa co noso espírito. Deixa tamén constancia de que estamos dispostos a participar na construción colectiva dun novo modelo social e cultural, de que temos o orgullo de reclamar o noso dereito a vivir nunha sociedade democrática, aberta e plural, que a nosa quere ser unha cultura do pensamento libre e da vida en común, máis alá de imperativos narcisistas e mini-fundismos agro culturais, e por suposto que temos ánimo para a crítica e vontade de facer a crítica do desánimo.

Falamos hoxe aquí sobre a "verdade", e tras un ano e medio, podemos asegurar que unha das duras leccións do Prestige é que somos capaces de crear

as nosas propias utopías, non como realidades posíbeis, senón como fonte onde anovar a enerxía para continuar a andar co sentido práctico dos camiñantes. Hoxe temos neste recanto da península



O Prestige abriulle os ollos á sociedade galega a unha experiencia cultural difícil, tal vez a experiencia do final dun ciclo e o comezo doutro

ibérica unhas poucas e útiles conquistas, algunha sabedoría gañada. É obvio que iso non significa o final imediato desta dictadura da mediocridade na que vivimos e que graficamente se resume no lema: achanta ou emigra. As nosas aldeas, vilas e cidades continúan a ficar a miles de quilómetros de distancia entre si. Pero temos aí algo que nos deixa este ano e medio, un conxunto de relacións humanas e un traballo colectivo cun obxectivo común, a demostración de que existe unha cultura da xente, tal vez informal, pero cunha von-

tade moi clara de loitar contra a saudade e outros cistes sebáceos, tales que o idealismo o mesianismo ou o ressentimento. Esta, sinxelamente, é a base da nosa utopía enerxética. O minifundio segue ai, na economía, na xeografía e na cultura. Non podemos esperar que os nosos políticos e ideólogos, de esquerdas ou de dereitas, abran as orellas e escoiten a palabra da xente, realmente non nos teñen afeitos a iso, así que a nosa desconfianza é lóxica. A desconfianza, como a retranca ou a ironía, é unha das nosas míticas virtudes. Pero tal vez estamos en condicións de soñar que o optimismo tamén o é, e que é posibel que a xente desenvolva en Galiza o hábito de ocuparse da cousa pública polos seus propios medios, da cousa pública, ou como se dicía en latín paldino, da república.

\*Carlos Santiago é membro da Burla Negra

Este artigo constituiu a comunicación presentada polo autor ao Foro da Verdade, na ponencia sobre "A Nova Cultura da Protesta".  
Pontevedra, maio de 2004.



# A VOZ DOLORIDA E TRANSCENDENTE DE GÓMEZ ALFARO (II)

Emílio Xosé Ínsua

Achegámonos na anterior entrega desta sección (Cerna, nº 41) aos dous primeiros poemarios en lingua galega de Xosé Carlos Gómez Alfaro, As labaradas da lembranza (1996) e Matria de sombra (1997), salientando o que de sensibilidade ecoloxista e ollada amantiña da natureza había neles. Proseguiremos agora, coa mesma intención xeral, o noso repaso á traxectoria do poeta ribeirao, non sen antes advertir que, infelizmente, resultounos imposible acceder á consulta de dous poemarios seus, Os ciclóns do sino (1997) e Pasos cara á alba (2000). Presumimos que son tan interesantes, se non máis, como os aquí comentados.

Alba plena de alén (Ed. Espiral Maior, Col. Poesía, nº 55, A Coruña, 1997) é un volume enteiramente consagrado a unha temática punxente e estremecedora como é a vivencia da perda dun fillo, Carlos, cando contaba tan só oito anos de idade ("oito pombas de paz prolíficas", "oito apertas á terra", "oito primaveras vivas", "oito lilas, / que xa murchou o sal da morte"). O desgarro emocional mestúrase nesta magnifica obra coa ternura más profunda; a forte desolación, coa evocación gozosa dos momentos anteriores á traxedia; o pranto de hogano, porque o fillo amado non é xa máis que "un laído / diluído nos limos da esperanza, / un terrádego lento de labranza / onde pastan as hedras, denegrido", coa ledicia experimentada antano, cando, viva ainda a criatura, "non había aurora equivalente / nin viña más melosa nos catastros".

A desaparición física do seu vástago, vítima de "dònícelas e alacrás poseños", instala no espírito do poeta unha "penumbra longa, longa / que aniñou, jail, nas fragas do meu sino", un frío invernal poboadío de saloucos, sen consolo posibel. Negándose a admitir a crudelísima realidade ("Non podes ser esterco. / Non podes ser un índice sen don, / unha faísca fría, un cadaleito tísico / un zoo de invernía e de alimarias"), Gómez Alfaro soña co seu fillo convertido nunha "rula de esperanza", nun "murmurio de pombas", nunha "leve anduriña clara", nun año que a todas


horas anda "a bear polos pais rouco, tristeiro".

Cando, na procura de consolo, o poeta se enfrenta á visión da inmensidádo do mar, os sentimentos de tristura asolágano:

Este mar, meu amor, onde xogabas  
a sementar apertas e alboradas  
quedou sen voz, sen sol, quedou sen ansias,  
cuberto polos velos dun loito ácido.

Este mar linda ó norte coa agonía,  
con cúpulas de sombra, ai, infindas,  
cun machado de morte e cunha cinsa  
que se me apega á alma coma o pranto (...).

X. C. Gómez Alfaro  
**ALÉN DO LUME**



ESPIRAL MAIOR  
POESÍA

Consecuencia da dor aburante que o poeta padece son os seus ríspetos reproches cara ao Deus que permitiu aniñar tamaña ferida no seu peito:

(...) ¡Matáchesmo, matáchesmo!  
Non che perdoo a morte que lle deches,  
non cho perdoo, non,  
e se áinda non soubese  
que segue no País do Avó vivindo,

mataríate a Ti,  
destruiría tódolos teus templos,  
queimaríache a máscara,  
por me zugares onte  
o sangue do meu sangue, a gloria miña.

Ao asumir finalmente, con estoicismo, a verdade dura, o poeta borboríñalle ao fillo morto:

Agora, meu amor, áinda que a min  
me anden a sanrar coma fervenzas  
as cavaduras ermas deste peito;  
agora, compañoiro só do sol,  
áinda que estea inzada de machadas  
a dorna que me leva polas horas,  
ti descansa, descansa nese trono  
que che foron tecendo os deuses duros  
aló no colo louro do universo.

Descansa, que a viaxe foi moi longa  
e te-las poutas todas das harpias  
pintadas nas espigas da túa alma.  
Ouh si, descansa, faite vento, tómbole,  
esteiro filarmónico e lucifero,  
nife de paz, molécula de amor (...)  
Faite couselo e espora das foliadas,  
val dos abandeirados da verdade,  
hórreos da xustiza e das apertas,  
vanguarda dos meus eidos neses ceos (...).

No seu seguinte libro, Ofertorio de solpores (Ed. Espiral Maior, Colección "A Illa Verde", nº 29, A Coruña, 1999), o noso autor cultiva numerosas cordas, entre as que destacan, pola súa calidade e vibración, a elexíaca e a de temática relixiosa e existencial. Ademais de poemas paisaxísticos, poemas circunstanciais, panxoliñas, poemas á Virxe e ao Neno Xesús, etc., encontramos varios de reflexión vivencial e de diálogo problemático con Deus, combinados áinda con outros ("Minas", "Salmo contra a droga", "Xalom"... ) en que transloce a preocupación

ción do poeta pola sorte da Humanidade más desfavorecida.

O libro enteiro é ofrendado á Divindade como compendio quintaesenciado de recordos que son "coma doentes landas arrancadas / dun lánguido almanaque sen escoria" e de vivencias que constituíron "invernos lacerantes". Agora o poeta está como esvaciado ("Non me quedan máis vides supurantes / que as queimaron as mágoas incoloras / de tanto coitelón e enterramento") e afronta o repto de devolverle a Deus en forma de palabras "pechas noites viperinas", "densos albores tercos, ominosos", "desolación incandescente", en definitiva, "estas ruínas / miñas, vougos cascallos cancerosos". O seu ánimo identifícase coa noite e sente a súa alma sementada de solpores, invadida por un devalo que actúa "como unha fouce, / nas leiras da conciencia / e vai ceifando os últimos verdores".

Especialmente fermoso é, dentro deste volume, o poema de corte eleíaco intitulado "En Sadurnín", que di así:

Aquí queda, meu Deus, a vella aixada  
do ríbeirao Xosé Gómez García,  
arador de alboradas que sabía  
sementar tanta vida coa mirada.

Aquí queda aquel fillo da outonada  
que en podas e sulfatas escribía  
a forza de suores e agonía  
un non á escravitude disfrazada.

Aquí, en Sadurnín, no meu Ribeiro,  
repousa o bacelar seu naufragante  
por mildios e xeadas destructoras.

Aquí, en Sadurnín, no verde abeiro  
sacro, xace o labrego e o emigrante  
agardando as estrelas redentoras.

Gómez Alfaro publicaría a seguir o libro Alén do lume (Ed. Espiral Maior, Col. Poesía, nº 119, A Coruña, 2002), composto por cincuenta sonetos de corte clásico. Sobre este poemario planea, dalgún xeito, o grande tema desta fase da súa traxectoria poética, a morte de seu fillo Carlos, mais a terrible experiencia aparece aquí máis "asumida", isto é, tratada desde unha perspectiva

X. C. Gómez Alfaro

## ALBA PLENA DO ALÉN



ESPIRAL MAIOR  
POESIA

máis consolada e serena, porque o poeta non está só na súa dor e Rosa Berta, a súa compañeira no amor e na desgraza, protagonista dun "querer redentor e desbordante", resulta para el abrigo e conforto, "alto souto de froitas solidario", "embriagadora rosa zumosiña", "fecunda mazaroca esperanzada", "espiga grácil lucidía". O gozo do amor inunda moitos dos versos do libro, escritos frecuentemente en clave sensual, como testemuña este soneto:

Frondosa cabeleira de loureira,  
ollos de treixadura virxinal,  
rubias meixelas de maceira uncial  
e unha lúa nos labios prisioneira.

As ás dos ombros de auroral canteira,  
os brazos coma lazos de coral,  
ún peito de marmelos torrencial  
e o embigo igual ca tulla pracenteira.

O trigo das cadeiras deleitoso,  
o mel das claras coxas caudaloso  
e a ambrosía da cuncha embriagadora.

E néctares na lingua milagreiros  
e no sangue tostados cantareiros  
e unha donda bondade que namora.

No preciso momento en que confeccionamos estas liñas acaba de aparecer

## Ofertorio de solpores

X. C. Gómez Alfaro



ESPIRAL MAIOR  
A Illa Verde

un novo libro de Gómez Alfaro, intitulado O clamor da eclipse (Ed. Espiral Maior, Col. Poesía, nº 142, A Coruña, 2004), que gañou no seu día o XX Premio "Cidade de Ourense". O seu prologuista, Vicente Araguas, louva merecidamente a mestría métrico-formal e léxica con que Gómez Alfaro se manexa neste poemario de amor e desamor.

Imos pechar estas liñas adicadas á obra de Gómez Alfaro concordando co profesor Alonso Montero, tamén prologuista dalgún dos seus poemarios, na idea de que o poeta ríbeirao afincado na Guarda é merecente dun coñecemento más amplio e dunha más alta estimación entre todos os que amamos a poesía que se escreve nesta nosa vella e fermosa lingua. Oxalá que a pequena viaxe que fixemos polos versos do autor teña sido para o(a) paciente lector(a) todo un convite nese sentido.





A d i a n t e



É TUÁ. TRABALLA PARA TI |



DEPUTACION  
DA CORUÑA



Fotografía: Alberto SR

### O PUMARIÑO

ESCRIBO VERSOS E PALABRAS PURAS,  
QUERO QUE A XENTE ENTENDA A INDECISA  
VOZ QUE ME VAI E VEN CLARA E CONCISA  
NO PUMARIÑO DAS MAZÁS MADURAS.

ESCRIBE EN MIN A ROLA QUE ME ARROLA,  
DESDE A MAZAIRA VOA O CANTO AFEITO  
E EU ESCRIBO PALABRAS Ó SEU XEITO,  
TRISTES MEMORIAS E TRISTURA SOLA.

ESCRIBO NO PAPEL TAL COMO FALO,  
DIFICULTOSAMENTE, SOMNOLENTO.  
CANDO ME PEGA O SONO CALO E CALO.

A ROLA DA MAZAIRA VAI NO VENTO,  
EU QUIXERA DORMIR CABO DUN VALO,  
MAIS ANTES HEI FAGUER MEU TESTAMENTO.